Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das dúas convocatorias de axudas de apoio técnico e económico aos concellos para a elaboración de plans de emerxencia frote á seca para garantir o abastecemento de auga á poboación, número de municipios que se beneficiaron destas axudas e obxectivos da nova orde que sacou este verán o Goberno galego para mellorar a calidade das augas das traídas veciñais

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 846 (11/POC-000093)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as medidas que ten posto en marcha a Xunta de Galicia para garantir a sustentabilidade do sector do transporte público por estrada e para favorecer unha mobilidade segura, como procedeu o Goberno galego ao restablecemento dos servizos de transporte público da súa competencia e que ten feito o Goberno de España para compensar as empresas de transporte polas perdas derivadas da covid-19 e para restablecer os servizos ferroviarios da súa competencia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 859 (11/POC-000094)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis



Sobre o avance experimentado nos últimos meses en relación coa promoción e o recoñecemento social do voluntariado de protección civil por parte da Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 860 (11/POC-000095)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as novidades e melloras derivadas dos desenvolvementos pendentes da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 861 (11/POC-000096)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre os beneficios que se poderán ofrecer á cidadanía como consecuencia da posta en marcha do proxecto Innovaugas 4.0 e a resposta que tivo entre os centros tecnolóxicos e grupos de investigación á hora de chegar propostas innovadoras para a xestión avanzada dos recursos hídricos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 863 (11/POC-000097)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas que se están a levar a cabo no eido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero dende a Secretaría Xeral de Igualdade, dirixidas ás asociacións de nais e pais

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 864 (11/POC-000098)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego da súa colaboración coas entidades que traballan contra a trata e a explotación sexual

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 865 (11/POC-000099)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as obras de adaptación e mellora dos edificios xudiciais da nosa comunidade que está a efectuar a Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 867 (11/POC-000100)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as vantaxes que ofrece ao sector o Observatorio de Custos de Transporte de Mercadorías por Estrada de Galicia e cales son as súas aplicacións prácticas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 868 (11/POC-000101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre os obxectivos e finalidade dos convenios de colaboración coas Federacións de Mulleres Rurais de Galicia e seguimento e valoración que se fai deles

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 872 (11/POC-000102)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre as medidas que permiten o inicio do curso 2020-21 no ensino non universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 876 (11/POC-000103)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do resultado da Conferencia Sectorial de Educación celebrada antes do inicio do curso 2020-21

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 878 (11/POC-000104)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre o que supón para o ensino galego o desenvolvemento dos contratos-programa e do Programa ARCO no curso 2020-21

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 880 (11/POC-000105)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre as condicións nas que o alumnado galego pode seguir beneficiándose do uso dos comedores escolares para o curso 2020-21

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 882 (11/POC-000106)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre as actuacións de mellora realizadas pola Xunta de Galicia nos centros educativos de Galicia para afrontar o novo curso escolar

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 883 (11/POC-000107)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e 6 máis

Sobre os criterios e finalidade que tiveron as medidas de cribado para a detección da covid-19 realizadas a determinados colectivos nos últimos meses

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 885 (11/POC-000108)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobres as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para ampliar as funcionalidades da Sede electrónica da Xunta e os trámites que se poden realizar a través dela
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 886 (11/POC-000109)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o número de equipos que conforman a rede de videoconferencia da Administración de Xustiza en Galicia e as actuacións de futuro contempladas con relación á dita rede
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 887 (11/POC-000110)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o número total de inspeccións realizadas polos inspectores de xogo da Comunidade Autónoma no exercicio 2019 e cantos expedientes sancionadores foron abertos no mesmo exercicio
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 888 (11/POC-000111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as principais novidades introducidas polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 889 (11/POC-000112)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre o novo sistema de xestión interna que se está a implantar no sector público autonómico para a atención á cidadanía
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 890 (11/POC-000113)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a formación que se está desenvolvendo na Academia Galega de Seguridade (AGASP)
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 893 (11/POC-000114)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis



Sobre as medidas especiais que puxo en marcha a Xunta de Galicia durante a situación de estado de alarma para garantir a atención e protección das vítimas de violencia de xénero
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 897 (11/POC-000115)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre as previsións que manexa a Xunta de Galicia en relación á posta en marcha do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 900 (11/POC-000116)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para formar ao persoal empregado público en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 902 (11/POC-000117)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre as liñas de traballo da Xunta de Galicia para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 904 (11/POC-000118)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre as medidas encamiñadas a acadar a excelencia académica que poden contribuír a impulsar e recompensar o esforzo do estudante universitario

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 906 (11/POC-000119)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o grao de cumprimento do Plan de financiamento do SUG 2016-2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 912 (11/POC-000120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Alén Castro, Gabriel e 6 máis

Sobre cales son os beneficios que reporta ao estudantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020-21

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 913 (11/POC-000121)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre as medidas concretas que adoptou a Xunta de Galicia para axudar ao sector do comercio e aos autónomos a superar a crise derivada da pandemia da covid-19

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 915 (11/POC-000122)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis

Sobre as iniciativas que puxo en marcha a Xunta de Galicia para impulsar proxectos empresariais innovadores ligados á achega de solucións contra a covid-19 e fabricación de medios de protección e control

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 917 (11/POC-000123)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia sobre as axudas do Plan específico de acción comunitaria destinado a diversas asociacións e melloras que se introduciron a través da nova formulación das ditas axudas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 918 (11/POC-000124)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a intención da Xunta de Galicia en relación á ampliación e redefinición de proxectos para fomentar a eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental das entidades locais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 919 (11/POC-000125)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre os pasos que está a dar a Xunta de Galicia para promover os procesos para que a visión da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable se transversalicen no conxunto das políticas públicas da Administración autonómica

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 920 (11/POC-000126)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre como vai articular o Goberno da Xunta de Galicia a coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, co horizonte posto no Xacobeo 2021

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 921 (11/POC-000127)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre se vai continuar o Goberno galego apoiando dalgún xeito o labor de atención aos peregrinos das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 922 (11/POC-000128)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as previsións nos próximos meses para concretar as medidas derivadas do acordo asinado pola Xunta de Galicia en decembro de 2019 con empresarios e sindicatos no marco do diálogo social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 924 (11/POC-000129)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as medidas concretas que adoptou a Xunta de Galicia para axudar os traballadores afectados por un ERTE

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 926 (11/POC-000130)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as iniciativas que ten desenvolvido o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para prever os riscos derivados da pandemia da covid-19

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 930 (11/POC-000131)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as medidas especiais que puxo en marcha a Xunta de Galicia durante a situación de estado de alarma para garantir a atención e protección das vítimas de violencia de xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 932 (11/POC-000132)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as medidas que ten previsto adoptar o Goberno galego para impulsar a reactivación da cooperación de proximidade na fronteira con Portugal

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 934 (11/POC-000133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre se ten concretado o Ministerio de Xustiza á Xunta de Galicia os criterios e recursos que transferirá ás comunidades autónomas para facer fronte ás medidas de recuperación previstas no ámbito da Administración de Xustiza

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



Admisión a trámite, asignación a unha comisión e publicación

- 473 (11/POC-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a eficacia na implementación da Orde do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 474 (11/POC-000006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a consideración do Goberno respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 475 (11/POC-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a realización por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dalgún estudo que permita coñecer as distintas alternativas necesarias para continuar o seu proceso educativo no caso de suspensión das actividades lectivas presenciais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 489 (11/POC-000008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do Centro de Educación Infantil e Primaria Pedro Antonio Cerviño de Campolameiro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 504 (11/POC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego diante da evolución da covid-19 en Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 509 (11/POC-000010)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre as actuacións prevista pola Xunta de Galicia en materia de atención primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 512 (11/POC-000011)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre a necesidade de realizar tests masivos á poboación galega para loitar contra a covid-19

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 530 (11/POC-000012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación en que se atopa o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 541 (11/POC-000013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre as actuais obras de reforma do edificio xudicial de Ourense

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 561 (11/POC-000014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados durante a X lexislatura pola Axencia Galega de Infraestruturas para o establecemento de convenios con determinados concellos galegos e respecto de se ten previsto darlles publicidade á totalidade dos convenios asinados pola dita axencia con determinados concellos galegos na referida lexislatura, con indicación do nome dos concellos e da contía total recibida por cada un deles

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 562 (11/POC-000015)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados durante a X lexislatura pola Consellería do Medio Rural para establecer convenios con determinados concellos galegos e respecto de se ten previsto darlles publicidade á totalidade dos convenios asinados pola dita consellaría con determinados concellos galegos na referida lexislatura, con indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 563 (11/POC-000016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os criterios empregados durante a X lexislatura pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para establecer convenios con determinados concellos galegos e respecto de se ten previsto darlles publicidade á totalidade dos convenios asinados pola dita consellaría con de-



terminados concellos galegos na referida lexislatura, con indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 564 (11/POC-000017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego en relación coas axudas e subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2019 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de decembro de 2019

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 565 (11/POC-000018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados na X lexislatura pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e respecto de se ten previsto publicar a totalidade dos convenios asinados pola dita axencia con determinados concellos galegos na referida lexislatura, con indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 566 (11/POC-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os criterios empregados na X lexislatura pola entidade Augas de Galicia para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos e respecto de se ten previsto publicar a totalidade dos convenios asinados pola dita entidade con determinados concellos galegos na referida lexislatura, con indicación do nome do concello e da contía total recibida por cada un deles

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 584 (11/POC-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o impacto na economía galega da consolidación da pobreza e da exclusión social e as repercusións da crise da covid-19

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2020

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José Manuel Cores Tourís, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López e Ramón Carballo Páez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A proverbial fragmentación da propiedade da terra en Galicia foi historicamente un lastre ao desenvolvemento da competitividade do noso medio rural, xa que complicou o crecemento das explotacións, o uso de maquinaria e a optimización do uso dos terreos en moitos lugares.

Para combater este fenómeno puxéronse en marcha os procesos de concentración parcelaria, cos que se pretende conseguir unha ordenación da superficie agraria que permita un uso o máis adaptado posible ás necesidades agrícolas e forestais de cada zona.

Durante os últimos anos, unha das prioridades da Consellería do Medio Rural foi a de axilizar os trámites das concentracións parcelarias que están na fase final de execución, co fin de que os seus propietarios poidan conseguir unha maior rendibilidade da produción agraria e unha mellor ordenación da terra en función dos usos.



Neste ano 2020, a Xunta tivo a ocasión de compartir a súa experiencia de éxito neste eido contribuíndo á elaboración da Guía Xurídica sobre Concentración Parcelaria elaborada pola Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), ao aportar a súa experiencia de máis de 500.000 hectáreas concentradas ou en trámite de remate, mediante diversas xornadas de traballo por videoconferencia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes:

- Cal é a previsión da Xunta de Galicia de culminación de procesos de concentración parcelaria ao longo deste ano 2020?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 24/08/2020 16:32:32

José Manuel Cores Tourís na data 24/08/2020 16:32:49

Gabriel Alén Castro na data 24/08/2020 16:32:58

Raquel Arias Rodríguez na data 24/08/2020 16:33:25

José Antonio Armada Pérez na data 24/08/2020 16:33:45

María Elena Candia López na data 24/08/2020 16:34:19

Ramón Carballo Páez na data 24/08/2020 16:34:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José Manuel Cores Tourís, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López e Ramón Carballo Páez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O futuro da Política Agraria Común é fundamental para planificación estratéxica a medio e longo prazo do sector agrogandeiro galego, que debe de desenvolverse no marco da programación da política agraria europea, concretamente o período 2021-2027. O financiamento europeo é un apoio fundamental para as nosas explotacións, supoñendo no período 2014-2020 un total de axudas directas de máis de 170 millóns de euros anuais e 889 millóns de euros no apoio ao desenvolvemento rural.

Para o próximo período a Unión Europea promove que os Estados Membros elaboren os seus plans estratéxicos de cara á implementación das medidas necesarias para acadar os seus obxectivos. Dende o PPdeG defendemos a necesidade de que España faga valer a súa consideración de potencia agroalimentaria no conxunto da Unión Europea, pero tamén defendemos a necesidade de que na negociación interna se teñan en conta as especificidades do territorio galego.



Por iso, co apoio das universidades galegas e das organizacións representativas dos axentes do sector primario, a Xunta comezou a desenvolver o Plan Estratéxico de Galicia para a PAC 2021-2027, no que continuaremos apoiando as medidas desenvolvidas nos períodos anteriores e promoveremos novas medidas que dean resposta ás necesidades específicas do agro galego.

Porén, nas negociacións sobre fondos europeos que se desenvolveron entre os xefes de goberno dos estados membros da Unión Europea en xullo de 2020, a raíz da necesidade de aprobar un fondo específico para compensar a incidencia da pandemia da COVID-19, Galicia amosou a súa sorpresa por que os fondos da PAC non só se propoñan recortar un 10% senón por que, ademais, perdan peso no conxunto do presuposto da Unión Europea, pasando de representar un 36% no período 2014-2020 a constituír tan só un 18%.

Ante ese escenario, a Xunta incidiu na necesidade dunha PAC forte e ben dotada orzamentariamente e comprometeu lealdade ao Goberno central mentres sigan a desenvolverse as negociacións, mais insistindo na necesidade de incrementar os fondos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes:

- Que posición mantén a Xunta de Galicia ante o Goberno de España no relativo ao proceso de negociación da Política Agraria Común para o período 2021-2027?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 24/08/2020 16:40:51

José Manuel Cores Tourís na data 24/08/2020 16:41:05

Gabriel Alén Castro na data 24/08/2020 16:41:14

Raquel Arias Rodríguez na data 24/08/2020 16:41:34

José Antonio Armada Pérez na data 24/08/2020 16:41:48

María Elena Candia López na data 24/08/2020 16:42:02

Ramón Carballo Páez na data 24/08/2020 16:42:25



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José Manuel Cores Tourís, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López e Ramón Carballo Páez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

Un dos maiores desafíos de futuro que enfrenta o noso rural é o de acadar unha maior produtividade e frear o proceso de despoboamento e abandono da terra.

Con este obxectivo, a consellería de Medio Rural puxo en marcha en 2019 as denominadas aldeas modelo, que son proxectos de mobilización de terras dirixidos á recuperación produtiva de zonas maioritariamente abandonadas, na contorna de núcleos de poboación, de xeito que esa posta en valor sirva tamén para previr os incendios forestais nesas áreas.

Este proxecto naceu co obxectivo de executar a limpeza das franxas secundarias, as máis próximas aos núcleos de poboación, e convertelas en terreos produtivos. Unha vez estas áreas se atopan limpas, ponse en valor ese terreo creando actividade agrogandeira nelas, mediante cultivos de horta, cereal, pastos, froiteiras ou castiñeiros, entre outros.



Deste xeito, as novas terras produtivas funcionan como devasa natural fronte o lume xa que, desenvolvendo actividade económica nas franxas, non é preciso rozalas todos os anos,.

Segundo ten explicado o Goberno galego, trátase dun proxecto promovido pola Consellería do Medio Rural no marco do convenio de protección das aldeas fronte o lume posto en marcha en colaboración coa empresa pública Seaga e coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Nas aldeas modelo, a limpeza lévase a cabo co acordo entre os propietarios das parcelas e os agricultores e gandeiros interesados en poñer a producir as terras. Neste sentido, a iniciativa supón un rendemento económico directo ou indirecto tanto para o propietario dos terreos –que conserva sempre a titularidade–, como para os interesados en poñelas a producir.

Desde que se anunciaron as primeiras aldeas modelo, o equipo da consellería de Medio Rural recibiu numerosas solicitudes de alcaldes e alcaldesas para explorar a posibilidade de implantar proxectos deste tipo en concellos de toda a Comunidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes:

Cantos proxectos de aldea modelo están xa en marcha a día de hoxe en Galicia?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 24/08/2020 16:48:46

José Manuel Cores Tourís na data 24/08/2020 16:49:03

Gabriel Alén Castro na data 24/08/2020 16:49:13

Raquel Arias Rodríguez na data 24/08/2020 16:49:29

José Antonio Armada Pérez na data 24/08/2020 16:49:53

María Elena Candia López na data 24/08/2020 16:50:05

Ramón Carballo Páez na data 24/08/2020 16:50:23



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, José Manuel Cores Tourís, Gabriel Alén Castro, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Elena Candia López e Ramón Carballo Páez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O pasado mes de maio, a Xunta presentou o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) para o ano 2020, que ten por obxecto o establecemento da organización e o procedemento de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, daqueles que poidan ser asignados a este pola Administración Xeral do Estado, así como dos que puidesen ser facilitados por outras entidades públicas ou privadas para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume, co fin de desenvolver na súa totalidade a fase de actuación das Situacións 0 e 1, referidas a aqueles lumes forestais con Índice de Gravidade Potencial 0 ou 1, clasificados así polas dimensións ou as características da masa forestal afectada, e aquelas propias asignadas para a Situación 2 no PEIFOGA.

Entre as funcións básicas do PLADIGA atópase a definición da estrutura organizativa e os procedementos para a prevención, detección, extinción e investigación de incendios forestais segundo as épocas de perigo.



Ademais, encárgase de establecer con carácter xeral as épocas de perigo, relacionadas co risco de incendios forestais, en función das previsións xerais e dos diferentes parámetros locais que definen o risco.

Do mesmo xeito, as actuacións que recolle este documento encamiñanse a reducir ao máximo posible as consecuencias ecolóxicas, económicas e sociais producidas polos incendios forestais e establecer os obxectivos e as actuacións a desenvolver cada ano para facer fronte aos lumes.

Segundo deu a coñecer o Goberno galego na súa presentación, o PLADIGA de 2020 contou cun reforzo dos medios aéreos e un incremento de capacidade de transporte auga, así como da adaptación ás condicións establecidas pola emerxencia sanitaria derivada da pandemia da COVID-19, coa incorporación dos protocolos necesarios para garantir o traballo do persoal en condicións óptimas de seguridade e hixiene.

Entre as novidades previstas para este ano, este documento reflectía un investimento de 30,5 millóns de euros para actuar, con traballos preventivos, en preto de 46.000 hectáreas e en case 5.800 quilómetros de pistas e estradas. Ademais, contemplaba a construción de 121 novos puntos de auga e o mantemento máis de 3.200 xa existentes.

Nesta planificación preventiva recóllense traballos silvícolas; a creación e mellora de infraestruturas de defensa; e intervencións de mellora da xestión forestal e das súas producións para incrementar o valor do monte e defender as vivendas fronte o lume.

A Xunta tamén destacou no seu momento que o dispositivo humano, de máis de 7.000 persoas, sería moi semellante ao de anos anteriores, aínda que reforzando a presenza temporal dos efectivos sobre o territorio. Ademais, contouse con avances tecnolóxicos como a visualización actualizada de imaxes vía satélite, a compartición de pantalla entre varios usuarios, ou a implementación de formas ou siluetas provisionais de evolución do lume.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión 7ª Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes:

- Que balance fai a Xunta de Galicia do funcionamento das novidades incorporadas na loita contra os lumes no PLADIGA deste ano?

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 24/08/2020 16:51:42

José Manuel Cores Tourís na data 24/08/2020 16:51:58

Gabriel Alén Castro na data 24/08/2020 16:52:09

José Antonio Armada Pérez na data 24/08/2020 16:52:23

Raquel Arias Rodríguez na data 24/08/2020 16:52:34

María Elena Candia López na data 24/08/2020 16:53:25

Ramón Carballo Páez na data 24/08/2020 16:53:41



Á Mesa do Parlamento

Elena Cándia Lopez, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega e Borja Vereza Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia:**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

Entre outras débedas que o goberno bipartito deixou en herdanza ao actual goberno destacan nomeadamente a das liquidacións negativas dos orzamentos de 2008 e 2009 e a situación financeira das catro empresas provinciais de xestión do solo, as Xestures.

As erráticas políticas de PSOE e BNG nos departamentos de ordenación territorial, industria e vivenda levaron a operacións que supuxeron importantes perdas económicas para estas empresas públicas, ata o punto de deixalas ao borde da quebra no ano 2009.

Cando o goberno do Partido Popular de Galicia asumiu a xestión da Xunta, en primeiro lugar apostou por unha integración das catro empresas nun único ente autonómico, unha fusión que se culminou en 2013. Posteriormente, en novembro de 2015 Xestur formalizou un préstamo cunha entidade financeira que permitiu cancelar o préstamo sindicado asinado anteriormente con dez entidades financeiras e recollía unhas condicións moi favorables para Xestur ao supoñer un aforro de 14 millóns en xuros.



Estes foron só dous fitos do que foi un completo plan de saneamento destas entidades que levan a que, por fin, os orzamentos da Xunta para 2020 estimen que Xestur peche ese ano cun resultado contable positivo.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en **Comisión polo trámite de urxencia:**

-Como ten evolucionado a situación financeira das entidades de xestión de solo empresarial dependentes da Xunta de Galicia desde 2009?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 09:48:07

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 09:48:36

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 09:48:57

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 09:49:18

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 09:49:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 09:49:55

Borja Verea Fraiz na data 25/08/2020 09:50:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Cándia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega e Borja Vereza Fraiz deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

En decembro do 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda presentou publicamente o observatorio da Vivenda de Galicia (OVG), destinado a servir de apoio aos axentes públicos e privados que interveñen neste sector.

Un espazo de intercambio de información, propostas e comunicación do sector.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral polo trámite de urxencia:

-Que traballos desenvolve ou vai desenvolver o Observatorio da Vivenda de Galicia?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020.



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 09:44:16

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 09:44:37

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 09:45:48

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 09:46:14

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 09:46:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 09:46:55

Borja Vereza Fraiz na data 25/08/2020 09:47:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Cándia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega e Borja Vereza Fraiz deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia:**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema.

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, vén promovendo a construción de solo industrial en Galicia para o desenvolvemento económico e para favorecer a creación de emprego.

Estes polígonos implántanse e deséñanse seguindo o Plan Sectorial de Solo Industrial de Galicia que determina o tipo e ubicación destes polígonos en función dos existentes, da dispoñibilidade de solo, das necesidades e demandas e da actividade económica das distintas zonas.

Unha das zonas de maior necesidade e demanda de solo industrial e a área metropolitana da Coruña, en especial, polo enorme crecemento dalgunhas empresas de implantación internacional e os seus provedores e a recente posta en funcionamento da dársena de Langosteira, o coñecido como Porto exterior da Coruña.

Estes e outros axentes, fan desta área un dos motores económicos de Galicia e unha das de maior actividade económica e exportadora de toda España.



Dada esta actividade económica o Plan sectorial de Solo Industrial de Galicia definiu en Arteixo o polígono industrial de Morás, que será, unha vez rematado, un dos maiores de Galicia, aínda que está previsto o seu desenvolvemento en diversas fases.

Unha vez pasados os peores anos da crise económica e cunha economía española e galega en recuperación e crecemento, volve demandarse solo industrial por parte das empresas e industrias ubicadas no contorno da Coruña e é por iso, que en 2017 a Xunta de Galicia reactivou as obras de urbanización do parque empresarial de Morás, en Arteixo, e anunciou a adxudicación dunha importante superficie a unha empresa interesada en instalarse no mesmo.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en **Comisión**:

-Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galicia de cara á posta en funcionamento do parque empresarial de Morás?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 09:58:43

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 09:59:06

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 09:59:22

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 10:00:00

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 10:00:12

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 10:00:41

Borja Vereza Fraiz na data 25/08/2020 10:01:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Cándia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega e Borja Vereza Fraiz deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema

O Goberno galego nos últimos anos veu intensificando a súa aposta pola rehabilitación de vivendas na nosa Comunidade a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído, mellorar as condicións das vivendas dos galegos e así incidir nunha mellor calidade de vida dos cidadáns. Goberno galego nos últimos anos veu intensificando a súa aposta pola rehabilitación de vivendas na nosa Comunidade a través da convocatoria de distintas liñas de axuda destinadas a preservar o patrimonio construído, mellorar as condicións das vivendas dos galegos e así incidir nunha mellor calidade de vida dos cidadáns.

Na pasada lexislatura ademais das distintas liñas de axudas dirixidas aos propietarios e aos concellos para a rehabilitación de vivendas e dos contornos urbanos, a Xunta tamén está a impulsar outras actuacións directas de rehabilitación, en distintas cidades galegas, en inmobles que son da súa propiedade.

Tamén anunciaba que ía seguir apostando por estas actuacións de rehabilitación directa, coa adquisición de novos inmobles en distintos



centros históricos de cidades e vilas galegas e publicaba ofertas públicas de adquisición de inmobles nos núcleos históricos dos concellos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense que serán rehabilitados directamente pola Xunta no marco do Programa Rexurbe.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

-Que investimento prevé destinar a Xunta para a adquisición de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense, no marco do programa Rexurbe, e para a súa posterior rehabilitación?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 10:56:05

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 10:56:27

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 10:56:42

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 10:56:59

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 10:57:08

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 10:57:31

Borja Vereza Fraiz na data 25/08/2020 10:57:53



Á Mesa do Parlamento

Elena Cándia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:**

Xustificación da Urgencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema

Nos primeiros anos de goberno do presidente Feijóo impulsáronse instrumentos esenciais para a ordenación da nosa terra como as Directrices de Ordenación do Territorio ou o Plan do Litoral.

No ano 2011 presentouse a primeira Estratexia da paisaxe galega, iniciando un camiño de enfocar tamén o reto da ordenación territorial dende a vertente paisaxística. Esa Estratexia foi actualizada por primeira vez en 2014 e dous anos despois tivo un avance cualitativo coa aprobación do Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia. A raíz da entrada en vigor deste decreto elaborouse a segunda actualización da Estratexia da Paisaxe, vixente desde 2017.

Paralelamente, o goberno galego, a través do Instituto de Estudos do Territorio, foi aprobando numerosas guías de boas prácticas para mellorar a integración paisaxística das infraestruturas e actividades. A primeira guía, xa en 2012, foi a que definiu a metodoloxía de elaboración dos estudos de impacto e integración paisaxística. Posteriormente viron a luz

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



guías sectoriais como as de establecementos de acuicultura litoral (2013), núcleos rurais (2013), sistemas praia-duna (2014), valados (2017), cores e materiais (2017) e paisaxe urbana (2019).

Hoxe, a Xunta está rematar a tramitación das Directrices da Paisaxe, que remataron o seu prazo de exposición pública o pasado 3 de decembro e que posteriormente serán avaliadas polo recentemente creado Consello Asesor da Paisaxe de Galicia. En 2018 tamén botou a andar no sistema universitario galego o primeiro Grao interuniversitario en materia de Paisaxe, o que avanza un futuro esperanzador para o avance destas políticas.

Por outra banda, a Xunta aprobou un regulamento da Lei da paisaxe e está a avanzar na concreción dos primeiros pactos pola paisaxe, instrumentos que tiveron o seu primeiro exemplo no tramitado co concello de Cerdedo-Cotobade para os meandros do Lérez e que continuará co pacto pola paisaxe inserido no plan especial para a Ribeira Sacra.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral para a súa resposta en Comisión polo trámite de urxencia:

- 1- Cales serán os principais avances en materia de política da paisaxe que completará a Xunta nesta lexislatura?
- 2- Que beneficios teñen reportado á protección da paisaxe galega as guías de integración paisaxística que ten elaborado a Xunta de Galicia nestes anos?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020.



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 11:26:41

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 11:27:00

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 11:27:25

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 11:27:45

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 11:27:57

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 11:28:24

Borja Verea Fraiz na data 25/08/2020 11:28:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Cándia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos:**

Xustificación da Urgencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema

O Consello da Xunta aprobou o pasado 27 de marzo, no marco das medidas que se impulsaron fronte á crise do COVID-19, un programa de voluntariado de axentes medioambientais, orientado ao rural.

Este programa naceu co obxectivo de facer un seguemento social e garantir o acceso a determinados servizos básicos da poboación maior ou con algunha discapacidade que vive soa en poboacións rurais.

Segundo indicou na súa comparecencia ante a Deputación Permanente a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, neste novo servizo de voluntariado participaron máis de 60 axentes adscritos a este departamento. Estes axentes realizan funcións coordinadas cos concellos, que son os que coñecen de primeira man as necesidades dos seus veciños e veciñas. Entre elas, vixilancia, contacto visual e telefónico cos veciños e atención das súas necesidades.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta a importancia deste programa de voluntariado, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



-Que balance fai a Xunta de Galicia da actuación do persoal do corpo de axentes medioambientais durante a emerxencia sanitaria?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 11:23:37

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 11:23:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 11:24:11

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 11:24:28

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 11:24:40

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 11:25:04

Borja Verea Fraiz na data 25/08/2020 11:25:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Cándia López, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema

O pasado 14 de abril de 2020 o Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop) adoptou diversos acordos. Entre eles, destaca a proposta para que as administracións públicas reactivasen a tramitación de expedientes administrativos, emisión de informes e concesión de permisos e licenzas.

Este trámite considerouse totalmente necesario para impulsar a reactivación progresiva da actividade económica, facilitando a recuperación económica có fin de mitigar o impacto social e económico da crise sanitaria xerada polo COVID-19.

De feito, moitas actividades produtivas precisan para o seu inicio ou continuidade a tramitación de diferentes expedientes administrativos que teñen por finalidade a obtención dun permiso, autorización ou licenza.

No relativo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acordouse autorizar o inicio e/ou continuación, mentres estea vixente o estado de alarma, dos procedementos administrativos no ámbito das súas



competencias, que constan no anexo da Orde do 27 de abril de 2020, publicada no DOG núm. 84 do 4 de maio.

E, entre estes procedementos reactivados, atópanse os de carácter urbanístico. É dicir todos aqueles relativos á tramitación dos planeamentos urbanísticos, a inscrición no rexistro do planeamento urbanístico, as autorizacións e declaracións responsables ou outros procedementos, como tramitación de proxectos sectoriais. Todos de gran importancia para a favorecer a reactivación paulatina da economía galega.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Que impacto teñen os procedementos urbanísticos desbloqueados a través da Orde do 27 de abril de 2020, publicada no DOG núm. 84 do 4 de maio, pola que se acorda o inicio e/ou a continuación da tramitación de determinados procedementos durante a vixencia do estado de alarma?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 11:37:44

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 11:38:03

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 11:38:17

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 11:38:31

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 11:38:40

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 11:39:11

Borja Vereza Fraiz na data 25/08/2020 11:39:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O pasado 8 de xullo, o Goberno galego asinou xunto ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, un convenio de colaboración para impulsar a tramitación en liña en materia urbanística que sente as bases da que será a Plataforma Urbanística Dixital.

Segundo ten explicado o executivo autonómico, coa Plataforma permitirase a integración dos instrumentos de planeamento urbanístico, o que implicará a xestión de expedientes e a tramitación urbanística conxunta cos concellos, ademais de favorecer a participación pública desde a propia plataforma. Deste xeito, cando un concello inicie a tramitación poderá facelo directamente desde esta ferramenta e de xeito dixital, o que habilitará a iniciar a información pública ou o seguimento do procedemento.

Por outra banda, esta Plataforma ten como obxectivo mellorar a coordinación entre as diferentes administracións implicadas nestes procesos. Ao mesmo tempo promove a redución de trámites en papel; xa



que non será necesario presentar a documentación en papel, o que supón un aforro e unha mediada a prol do coidado do medio ambiente.

Dentro do programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega no pasado mes de xullo atopábase o compromiso de “Posta en marcha da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia, que facilitará a participación cidadá nos procedementos de tramitación dos instrumentos de planeamento urbanístico, ao dar acceso público e ordenado a toda a documentación destes proxectos”.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que vantaxes reportará á cidadanía galega a posta en marcha da Plataforma Urbanística Dixital de Galicia?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 16:28:35

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 16:28:49

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 16:29:01

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 16:29:14

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 16:29:25

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 16:29:44

Borja Verea Fraiz na data 25/08/2020 16:29:58



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

Na última década, unha das principais liñas de actuación do Goberno galego, así como da maioría parlamentaria que o sustenta, foi o desenvolvemento da industria e a creación de emprego. Neste sentido, traballouse para crear un marco normativo e unhas condicións para que Galicia sexa un territorio atractivo para a captación e crecemento de empresas.

Na lexislatura anterior, o Parlamento galego aprobou a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, entre cuxos eixos fundamentais se atopaba a dotación do solo necesario para a radicación e ampliación de proxectos industriais na nosa comunidade.

Co ánimo de axustar a execución de solo empresarial á demanda real existente, a referida Lei, entre outras medidas, crea o censo de solo empresarial de Galicia como rexistro público de natureza administrativa.



Segundo ten explicado o Goberno autonómico, este rexistro ten como finalidade coñecer o solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na Comunidade Autónoma, co obxecto de que sexa un instrumento de avaliación, planificación e actualización do solo empresarial de Galicia. Para tales efectos, no censo de solo empresarial de Galicia inscribíranse todas as áreas empresariais que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización, así como as áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento.

Dentro do programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega que votou nas recentes eleccións autonómicas, recollíase o compromiso expreso de “Posta en funcionamento do censo do solo empresarial de Galicia que ten como finalidade coñecer o espazo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na Comunidade Autónoma”.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que vantaxes suporá para a competitividade de Galicia o censo de solo empresarial que a Xunta ten proxectado poñer en marcha proximamente?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 16:24:06

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 16:24:29

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 16:24:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 16:24:57

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 16:25:07

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 16:25:23

Borja Verea Fraiz na data 25/08/2020 16:25:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A COVID- 19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2, un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando outras áreas de China e posteriormente a outros países.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen



precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo declarouse o Estado de Alarma en España. Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

O pasado 28 de xullo, a Consellería de Sanidade publica a ORDE do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios. O obxecto da presente orde é o establecemento de medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.

Tendo en conta do tempo transcorrido dende a entrada en vigor de dita Orde, e que está a finalizar o período estival, que é o de máxima afluencia de viaxeiros a esta Comunidade Autónoma, cómpre avaliar o resultado desta medida pioneira.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:



Cal é a avaliación do funcionamento, actividade e resultado das medidas de prevención da COVID-19 implantadas a través da creación do Rexistro de Viaxeiros?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:36:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:36:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:36:38

María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:36:55

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:37:11

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:37:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:37:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A COVID- 19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 que levou a que A Organización Mundial Saúde, en data 11 de marzo de 2020, a declarar a situación emerxencia de saúde pública a nivel de pandemia internacional debida á súa expansión. Por Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, á COVID-19 é declarada como unha enfermidade de declaración urxente obrigatoria (artigo 22) a efectos de lo previsto en el Real Decreto 2210/1995, de 28 de decembro, polo que se crea a rede nacional de vixilancia epidemiolóxica.

A localización de casos, o illamento e, as probas e a asistencia, así como o rastrexo de contactos e a corentena, como parte dunha estratexia integral, son actividades indispensables para reducir a transmisión e controlar a epidemia nunha rexión.

O illamento é a medida que se adopta para separar as persoas infectadas polo virus SARS-CoV-2, que causa o COVID-19, doutras persoas que non están infectadas.



En particular, o rastrexo de contactos é o proceso de detectar, avaliar e decidir que facer coas persoas que se expuxeron á enfermidade a fin de evitar que a transmisión continúe.

O día 11 de maio do ano 2020 púxose en marcha a Central de Seguimento de contactos. Tendo en conta da situación actual da pandemia e o tempo transcorrido dende a súa entrada en funcionamento, é o momento para avaliar o seu funcionamento.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Cales foron a actividade e os resultados da Central de Seguimento de contactos de casos de COVID-19 desde que comezou a funcionar?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:31:40

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:31:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:32:06

María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:32:18

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:32:30

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:32:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:32:48



Á Mesa do Parlamento

María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo declarouse o Estado de Alarma en España. Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia



sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

A Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, prevé, no seu artigo primeiro, que co obxecto de protexer a saúde pública e previr a súa perda ou deterioración, as autoridades sanitarias das distintas administracións públicas poderán, dentro do ámbito das súas competencias, adoptar as medidas previstas na dita lei cando así o exixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade.

Neste tempo, a situación sanitaria nas comarcas das áreas da Mariña e da Coruña requiriron a toma dunha serie de medidas que se aplicaron a través de Ordes ditadas pola Consellería de Sanidade previa consulta do Comité Clínico creado para o seguimento desta pandemia e sobre cuxo contido tamén foron puntualmente informados os responsables das alcaldías dos concellos afectados.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que interlocución está a manter a Consellería de Sanidade coas corporacións locais máis afectadas pola evolución da pandemia da COVID-19?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:28:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/08/2020 17:28:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 17:28:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



María Elena Candia López na data 25/08/2020 17:29:09

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:29:25

Noelia Pérez López na data 25/08/2020 17:29:33

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:29:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, María Corina Porro Martínez, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta Oral en Comisión 8ª; Pesca e Marisqueo**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

A política de descartes cero que establece a Política Pesqueira Común da Unión Europea choca frontalmente co denominado principio de estabilidade relativa.

Este principio, que data do 1983 (antes da entrada de España na UE), establece uns criterios de reparto das cotas de pesca baseados na actividade realizada nos caladoiros europeos dos 10 países que daquela formaban parte da Comunidade Económica Europea. Compre recordar que ditos criterios tomáronse nun momento no que non existía a obriga de desembarco de capturas.

Sempre defendemos a necesidade de evitar progresivamente os descartes de pesca en base a estudos rigorosos feitos especie por especie, caladoiro a caladoiro, buscando outras alternativas de pesca,



e así o subscribimos nun Ditame do Consello Galego de Pesca sobre a reforma da Política Común de Pesca.

Somos conscientes dos problemas que provocaría o feito de non poder descartar especies pola borda no caso de determinadas pesquerías mixtas, xa que se obrigaría a levar a porto todas as capturas efectuadas, incumprindo co actual sistema de Totais Admisibles de Capturas.

A determinación desta obriga a partir de 2019 e a posible insuficiencia do alcance das medidas de flexibilidade nos leva aos deputados e deputadas a formular as seguintes cuestións:

1. Que valoración fai o goberno da Xunta de Galicia da implementación da política de descartes cero?
2. Que xestións e traballos ten feito este departamento a través de diversos plans co obxectivo de minorar a afectación á nosa frota?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:00:34

José Manuel Balseiro Orol na data 25/08/2020 17:00:57

José Manuel Cores Tourís na data 25/08/2020 17:01:46

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 17:02:08

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:02:46

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:04:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 17:05:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñado, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, María Corina Porro Martínez, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta Oral en Comisión 8ª; Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á pesca, así como do subministro de equipos que permitiron mellorar a comercialización a través da conservación das descargas, da súa trazabilidade ou da selección e etiquetaxe.

Estas actuacións foron posibles, en parte, gracias ao Fondo Europeo de Pesca, dentro do Programa Operativo aprobado para Galicia, a través da medida 3.3, destinada a portos de pesca, lugares de desembarque e fondeadoiros, dentro do Eixe 3, de medidas de interese público.

Gracias a este impulso, atendéronse a meirande parte das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos, polo tanto agradecemos dobremente ese traballo.



Hai que destacar a mellora ou a nova construción de lonxas e instalacións auxiliares nos peiraos co obxecto de mellorar as condicións de traballo dos profesionais do mar que desenvolven a súa actividade diariamente nestes espazos, sobre todo no relativo á comercialización, á trazabilidade e á seguridade alimentaria, entre outros aspectos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

1. Que balance fai a Consellería do Mar deste esforzo inversor acometido nos últimos anos polo ente público Portos de Galicia?
2. Cales foron os principais investimentos, desagregados por obras, subministros, servizos e convenios?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:12:36

José Manuel Balseiro Orol na data 25/08/2020 17:12:54

José Manuel Cores Tourís na data 25/08/2020 17:13:23

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 17:13:40

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:14:48

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:15:07

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 17:15:32



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, María Corina Porro Martínez, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

O mar é un elemento que define e caracteriza boa parte da riqueza da nosa particular “terra” e ademais é unha fonte de recursos moi prezada, pois arredor del configúrase un sector primario estratéxico a nivel económico, social e tamén cultural.

Galicia sempre foi unha potencia pesqueira e segue a ter na pesca un dos seus piares económicos que engloba non só á actividade propiamente extractiva, senón tamén a miticultura, a piscicultura, o marisqueo, a conserva e os transformados.

Sen embargo, coincidindo coa entrada na Unión Europea, a flota pesqueira entrou nunha dinámica de adelgazamento motivada en boa parte pola asunción das cotas de pesca que limitaban o esforzo pesqueiro dunha potencia neste ámbito como era Galicia.



Sabemos que a Consellería do Mar traballa día a día para precisamente que a nosa flota obteña maiores cotas de pesca e tamén somos conscientes da aposta que pola formación se fai dende este Departamento, así como das axudas existentes para adquisición de novas embarcacións.

Por todo o dito, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta oral en Comisión:

- Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan o relevo xeracional no sector pesqueiro?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:16:50

José Manuel Balseiro Orol na data 25/08/2020 17:17:10

José Manuel Cores Tourís na data 25/08/2020 17:17:35

José Manuel Rey Varela na data 25/08/2020 17:17:50

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:18:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:18:48

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 17:19:22



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñado, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, María Corina Porro Martínez, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 8ª; Pesca e Marisqueo**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

Fai uns meses, representantes do sector dos buques cerqueiros de Galicia sinalaban que afrontan este ano coa certeza de que vai ser máis difícil que o anterior ante a falta de cotas nalgunhas das súas principais especies: a xarda, que se reduciu nun 20%; a sardiña, que será, como moito, igual que no 2018; e o cabalón, que cada ano vai a menos. As dúas especies nas que os cerqueiros teñen as súas esperanzas postas son o xurelo e a anchoa.

Estes representantes sinalaban, con relación á xarda, que a súa captura vai resultar anecdótica pola escaseza. No tinxinte á sardiña, manifestaban as súas dúbidas pola falla de claridade sobre cal será a cota, pero prevese que se manterá en termos do 2018. Alén disto, apuntaba a que, pola



contra, o xurelo e a anchoa presentan un mellor estado, xa que hai máis cantidade dispoñible, aínda que non en todos os caladoiros.

Conscientes de que a Xunta de Galicia defendeu ao sector nas negociacións en Bruxelas, co obxectivo de mellorar a evolución das cotas de pesca que propoñía a Comisión Europea, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- Como valora a evolución da frota cerqueira galega nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:33:45

José Manuel Balseiro Orol na data 25/08/2020 17:34:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Manuel Cores Tourís na data 25/08/2020 17:34:52

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 17:35:08

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:36:09

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:36:32

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 17:36:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñado, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, María Corina Porro Martínez, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular** de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a **seguinte Pregunta Oral en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

O selo pescadeRías é unha marca de calidade creada e rexistrada pola Xunta de Galicia que acredita que os produtos da pesca artesanal e do marisqueo están convenientemente identificados, teñen un alto nivel de frescura e comercialízanse por empresas situadas na nosa Comunidade.

Con este selo os produtos do mar procedentes da frota artesanal poden ser distinguidos con facilidade no mercado co que se atopa o consumidor a diario. A certificación ofrece unha garantía de frescura e calidade, de respecto ao medio ambiente e de aplicación dunhas prácticas hixiénicas e de manipulación adecuadas por parte das empresas que os puxeron no mercado.



A boa evolución da certificación a través desta marca e calidade non últimos anos é un exemplo que reflicte o incremento da demanda de alimentos saudables e de produtos ecolóxicos que acrediten calidade e sustentabilidade.

A propia Consellería do Mar avanzou que entre os obxectivos estratéxicos para esta lexislatura está seguir traballando para que nas grandes cadeas de distribución sigan estando presentes os produtos galegos identificados como tales.

Sen lugar a dúbidas os nosos peixes e mariscos son unha inmellorable tarxeta de presentación do mar de Galicia.

En relación con este asunto, os deputados abaixo asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

- Cal esta a ser a evolución dos produtos certificados baixo o selo de calidade PescadeRías?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:41:55

José Manuel Balseiro Orol na data 25/08/2020 17:42:06

José Manuel Cores Tourís na data 25/08/2020 17:42:31

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 17:42:47

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:43:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:43:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 17:44:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñado, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, María Corina Porro Martínez, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 8ª; Pesca e Marisqueo**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

Desde Galicia veuse traballando, desde a colaboración entre sector marítimo-pesqueiro e Consellería do Mar, nunha modificación da normativa que permitise flexibilizar tanto a regularización das embarcacións cuxos datos non coincidían cos do seu rexistro como de obter maior adecuación nas súas disposicións de potencia ou arqueo de cara a efectuar as súas tarefas marisqueiras ou pesqueiras.

É certo que se produciron certas sancións a varias embarcacións alegando exceso de cabalaxe nos seus motores, e tamén é certo que a Consellería do Mar mediou ante a Secretaría General de Pesca e coa Dirección General de Marina Mercante para intentar habilitar unha lista específica que contemplase as embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a



recursos específicos, co obxectivo de buscar unha posible solución para estes barcos que contan cunha estrita limitación de potencia.

Somos coñecedores de que os titulares de embarcacións destinadas á extracción de recursos específicos e marisqueo solicitan un aumento da potencia dos seus motores por unha cuestión de seguridade no traballo, pois resulta máis doado escapar das ondas en caso de mal tempo cando o motor posúe maior potencia. Por outra banda, o exercicio de marisqueo a flota esixe de faenar en zonas de escaso calado, o que impide que moitas veces poidan acceder cos barcos, facendo recomendable o uso de outras embarcacións de menor porte.

Podemos concluír que estamos ante unha reivindicación xusta que busca garantir o traballo destes mariscadores nunhas condicións de maior certeza, fiabilidade e operatividade.

Pola súa banda, e tras as peticións formuladas polo sector pesqueiro galego e pola Consellería do Mar, a Secretaría General de Pesca accedeu a analizar o tema, propoñendo unha modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira en orde a efectuar a consideración como auxiliares de lista 4ª dos buques que se utilizan para capturas de percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para acercar aos mariscadores alí onde se atopa o recurso.

Por tanto, os deputados e deputadas asinantes considera oportuno formular as seguintes preguntas en pleno:

- En que estado se atopa actualmente o procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre potencia das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 25/08/2020 17:49:22

José Manuel Balseiro Orol na data 25/08/2020 17:49:33

José Manuel Cores Tourís na data 25/08/2020 17:49:53

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 17:50:08

María Corina Porro Martínez na data 25/08/2020 17:50:42

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 17:51:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 17:51:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O 5 de agosto de 2020 transcendían a través das redes sociais e dos medios de comunicación diversos vídeos nos que se reflectían manobras para guindar dous vagóns dun tren de mercadorías supostamente avariado cara o leito do río Sil ao seu paso polo concello ourensán de Carballeda de Valdeorras.

O Grupo Popular, tanto no Congreso dos Deputados coma no Senado, presentou de inmediato unha batería de iniciativas nas que pedían que comparecesen os responsables políticos deste feito.

Ante o silencio do Goberno Central, a Xunta de Galicia remitiu senllas cartas aos ministerios de Transportes e de Transición Ecolóxica, reclamándolle explicacións sobre a toma desta polémica decisión e lamentando o ataque ao patrimonio natural, a biodiversidade e á paisaxe da zona; así como solicitando as medidas necesarias para atallar os prexuízos que puidese causar esta actuación na contorna.



No mesmo sentido, o goberno galego informou de que técnicos medioambientais inspeccionaron a zona para analizar a situación de cara á toma de medidas no exercicio das súas competencias. Do mesmo xeito, a administración autonómica decidiu propor unha sanción ao ADIF por este episodio.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Como valora a Xunta a actuación do Goberno Central no lanzamento de dous vagóns dun tren de mercancías ao río Sil?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 25/08/2020 19:54:59

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 25/08/2020 19:55:19

Ramón Carballo Páez na data 25/08/2020 19:55:35

María Sol Díaz Mouteira na data 25/08/2020 19:55:47

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 19:55:56

Daniel Vega Pérez na data 25/08/2020 19:56:13

Borja Vereza Fraiz na data 25/08/2020 19:56:25



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Elena Suárez Sarmiento e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 4ª, Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A Comunidade Autónoma de Galicia, ten competencia exclusiva na defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego; neste senso, a través das bibliotecas posibilitase e desenvólvese o cumprimento de importantes mandatos estatutarios e constitucionais, como son o acceso de todos e todas os cidadáns á cultura, a participación da cidadanía na vida cultural, e a conservación e promoción do patrimonio cultural do pobo galego constituíndo uns servizos culturais e informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada.

O pasado 27 de xuño do ano 2012, entraba en vigor a nova Lei de Bibliotecas de Galicia (Lei 5/2012, do 15 de xuño), que substituíra á Lei 14/1989, do 11 de outubro, modernizando e actualizando a normativa reguladora deste sector na nosa comunidade. Unha lei que incorpora o concepto de Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia; a potenciación da Biblioteca de Galicia co seu papel de institución central do Sistema Galego de Bibliotecas; a necesidade de mellorar os mecanismos de protección e difusión do patrimonio bibliográfico galego, ou a expansión das novas



tecnoloxías de acceso á información e á documentación, das que nacen as denominadas bibliotecas dixitais.

Desde a entrada en vigor desta nova norma lexislativa, tamén se implementaron e potenciaron en Galicia novas figuras e ferramentas para acadar os obxectivos da Lei, como poden ser o Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia (o órgano Colexiado consultivo da Administración autonómica nas materias relacionadas co Sistema Galego de Bibliotecas, e para a articulación da cooperación entre as distintas administracións con competencias nesta materia) ou o premio a innovación bibliotecaria de Galicia, que ten por obxectivo recoñecer a labor das bibliotecas e axencias de lectura públicas municipais de Galicia que leven a cabo proxectos e boas prácticas innovadoras, de utilidade para as persoas usuarias, sustentable no tempo e achegadas o contexto local no se están inseridas.

Tamén se desenvolveron nos últimos anos o sistema de préstamos de libros electrónicos GaliciaLe (unha plataforma de préstamo de libros, revistas, audiolibros e películas en formato electrónico a disposición das bibliotecas públicas galegas que ten por obxectivo facilitar o acceso de toda a cidadanía á cultura) ou o sistema informático integrado de xestión bibliotecaria ao que se teñen adherido un importante número de bibliotecas municipais a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que melloras ten experimentado o Sistema Galego de Bibliotecas desde a entrada en vigor da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 20:10:36

Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 20:10:50

Gabriel Alén Castro na data 25/08/2020 20:11:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 20:11:15

Marta Nóvoa Iglesias na data 25/08/2020 20:11:33

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 20:11:46

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 20:11:59

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/08/2020 20:12:21



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Elena Suárez Sarmiento e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 4ª, Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

“A posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en Universidades de América e de Europa é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión do galego no exterior, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes, ao observaren o interese e o recoñecemento que posúe fóra das fronteiras administrativas de Galicia”.

Este parágrafo de presentación da Rede de Centros de Estudos Galegos na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística resume perfectamente a acción do Goberno galego para proxectar e promover o galego no exterior fundamentalmente no ámbito académico e universitario.

Deste xeito, a día de hoxe, 33 universidades contan cun centro de estudos galegos. Delas, 9 sitúanse noutras Comunidades Autónomas e, o resto, distribúense en 14 países sobre todo en Europa, sendo Alemaña a que máis universidades, e polo tanto centros, achega á rede. Xustamente as mesmas que o Brasil, un número de catro.



Dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística destínanse recursos económicos e humanos a esta rede co obxectivo de facilitar o seu cometido e obxectivo que non é outro que posicionar o galego e a Galicia no mundo, xa que esta rede de centros son verdadeiros focos de difusión da lingua e da cultura galega, de todo o que nos é propio e máis nos identifica, da nosa historia e das nosas tradicións, pero tamén do momento no que está a vivir Galicia, a Galicia do século XXI, en ámbitos tan diversos como a literatura e a gastronomía, o cine e a paisaxe natural, etc..

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que actuacións prevé realizar a Xunta de Galicia no futuro a través da Rede de Centros de Estudos Galegos?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 20:08:46

Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 20:09:02

Gabriel Alén Castro na data 25/08/2020 20:09:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 20:09:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 25/08/2020 20:09:35

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 20:09:46

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 20:09:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Sandra Vázquez Domínguez na data 25/08/2020 20:10:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Elena Suárez Sarmiento e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 4ª, Educación e Cultura polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A acepción “galego estremeiro” refírese ao galego falado nos territorios da antiga Gallaecia, que hoxe pertencen ás provincias de Asturias, León e Zamora.

Nestas dúas últimas provincias, o galego segue a ter unha presenza moi forte, particularmente nas zonas do Bierzo e de Sanabria, tal é así que o propio Estatuto de Autonomía de Castela e León recolle esta singularidade sinalando que “gozarán de respecto y protección la lengua gallega y las modalidades lingüísticas en los lugares en que habitualmente se utilicen”.

Esta protección no Estatuto de Autonomía permitiu o desenvolvemento do ensino en galego no sistema educativo de Castela e León, grazas aos convenios de colaboración asinados entre a Junta de Castela e León e a Xunta de Galicia.

Este convenio ampara o ensino do galego nos centros educativos do Bierzo e de Sanabria tanto para a etapa de primaria como secundaria e bacharelato, desde hai máis de 20 anos.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que conclusións extrae o Goberno galego do seguimento dos acordos que permiten o ensino do galego nos centros educativos de Castela e León?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 20:06:40

Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 20:06:54

Gabriel Alén Castro na data 25/08/2020 20:07:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 20:07:25

Marta Nóvoa Iglesias na data 25/08/2020 20:07:36

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 20:07:51

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 20:08:11

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/08/2020 20:08:28



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Elena Suárez Sarmiento e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 4ª, Educación e Cultura polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O Estatuto de Autonomía de Galicia recoñece, no seu artigo 31, a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do establecido na Constitución Española e nas leis orgánicas.

Ao abeiro deste mandato estatutario foise construíndo todo un corpus xurídico e normativo na procura da protección, consolidación e difusión da nosa lingua.

A formación de adultos non regrada foi un deses campos obxecto de atención sendo unha actividade consolidada cuxa competencia recae na Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) quen, directa ou indirectamente, proporciona os medios precisos para achegar aos interesados os coñecementos e competencias na nosa lingua.

No inicio do século XXI, o Consello da Unión Europea aproba o Marco Común de Referencia para as Linguas (MCRL), co obxectivo de que os



estados membros desenvolvesen sistemas de homologación das competencias lingüísticas sobre as liñas e directrices que se establecen no MCRL.

O Goberno galego para cumprir co MCRL crea o sistema CELGA como un sistema de certificación das competencias en lingua galega, sendo unha das principais actividades anuais da SXPL, a quen dedica importantes recursos humanos e económicos.

Así a formación de adultos en lingua galega cobra un novo sentido máis orientada a acadar algún dos 4 niveis de certificación CELGA.

Se nun principio esta formación baseaba a súa actuación en cursos presenciais por toda a xeografía galega, estamos asistindo a unha mudanza do sistema, aproveitando as oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías.

Deste feito, a formación on line estase a revelar como unha ferramenta imprescindible para continuar coa tarefa de formación de adultos na lingua galega.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Cal é o balance do Goberno galego da formación de adultos en galego e as súas perspectivas de futuro?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 20:04:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 20:04:47

Gabriel Alén Castro na data 25/08/2020 20:04:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 20:05:18

Marta Nóvoa Iglesias na data 25/08/2020 20:05:35

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 20:05:52

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 20:06:07

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/08/2020 20:06:17



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Elena Suárez Sarmiento e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 4ª, Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A Cidade da Cultura de Galicia cumprirá 10 nos da súa inauguración en xaneiro de 2021, coincidindo co inicio do Ano Santo.

Efectivamente, o 11 de xaneiro de 2011 poñíase en funcionamento o arquivo e a biblioteca da Cidade da Cultura, despois de 10 anos de intenso traballo, non exento de debates e posicionamentos encontrados.

A partir de aquí, o proxecto da Cidade da Cultura tamén estivo afectado pola crise económica que obrigou, por unha banda, a unha ralentización das obras e mesmo a súa paralización e, por outra banda obrigou a cambios de uso dos edificios en aras de facer rendibles os investimentos públicos.

Non sería ata a anterior lexislatura cando a Cidade da Cultura colla un novo pulo, un impulso necesario e importante tanto para rematar o proxecto como para deseñar contidos e actividades deste gran complexo.



E agora que estamos no inicio do Xacobeo 2021 a Cidade da Cultura estará rematada desde o punto de vista construtivo abrindo unha nova etapa xa que, a partir de aí, será o aspecto funcional e competencial o que rexa as actividades e relacións na Cidade da Cultura de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Cal é o balance do Goberno galego sobre o funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 25/08/2020 20:01:26

Antonio Rodríguez Miranda na data 25/08/2020 20:01:50

Gabriel Alén Castro na data 25/08/2020 20:02:00

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/08/2020 20:02:14

Marta Nóvoa Iglesias na data 25/08/2020 20:02:27

Pedro Puy Fraga na data 25/08/2020 20:02:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/08/2020 20:02:52

Sandra Vázquez Domínguez na data 25/08/2020 20:03:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O sector do marisqueo conta en Galicia con arredor de 7.000 persoas, das cales 3.777 correspóndense con permisos de explotación a pé, e 2.893 son permisos de explotación desde embarcación.

Con motivo do estado de Alarma, decretado o pasado 13 de marzo, produciuse un histórico parón económico do país, chegando incluso a “hibernar”, feito que sen embargo non afectou ao sector da alimentación, para garantir así o subministro a toda a poboación, especialmente cando a cidadanía se dispuxo a facer acopio de comestibles ante a situación de confinamento.

Neste caso, a actividade marisqueira de bivalvos e de recursos específicos podía continuar a súa actividade, xa que non foi decretado o seu peche, mais as canles comerciais desta actividade víronse, a dicir do sector e constatados os datos, sometidos a un peche case total.



O certo é que cunha poboación recluída nas súas vivendas e tendo en conta que a principal compradora desta mercadoría é a hostalería, que ante esta situación tivo que pechar as súas portas e tardará tempo en recuperar, a situación do sector veuse comprometida entre a falla de demanda e as dificultades de desenvolver a súa tarefa.

Sabemos que desde a Consellería do Mar se estivo a facer seguimento permanente desta situación neste período, e que se someteu o mesmo a análise constante para propoñer e promover alternativas e solucións para esta actividade.

Por todo o sinalado, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal foi a actuación da Consellería do Mar en relación á actividade do marisqueo e da adopción de medidas de flexibilidade na cuantificación das perdas e da dotación de medios preventivos ao sector?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 09:57:35

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 09:57:53

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 09:58:09

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 09:58:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 09:58:53

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 09:59:11

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 09:59:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Galicia, entre os seus medios propios de rescate, posúe dúas embarcacións polivalentes de mediano porte, que son a “Irmáns García Nodal” e “Sebastián de Ocampo”, con base itinerante, empregadas tanto para a loita contra a contaminación así como no salvamento no mar, que se suman aos dous helicópteros, os coñecidos coma o Pesca I e Pesca II, con base en Vigo e Celeiro-Viveiro, con plena operatividade no rescate marítimo as 24h dos 365 días do ano.

Por todos é coñecido que o seu mantemento e disposición é sufragado integramente pola comunidade autónoma, estando ao servizo e atendendo as demandas de apoio e atención de SASEMAR, dando cumprimento así ao disposto polo Estatuto de Autonomía de Galicia que, no seu artigo 29 recolle que corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en, entre outras materias, salvamento marítimo.

Neste senso, cabe lembrar que este custe ronda os 14 M€ anuais, procedentes na súa totalidade de fondos propios, o que reduce considerablemente a capacidade de cofinanciar outras accións susceptibles de ser abordadas con fondos europeos, ou ben a posibilidade



de poder desenvolver de forma directa outras actividades plenamente integradas no marco competencial marítimo-pesqueiro.

Por todo isto, e tendo en conta que Galicia conta cun servizo de rescate único en España, que nos máis de 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cantas asistencias a emerxencias ten efectuado Gardacostas de Galicia a demanda de Salvamento Marítimo no último ano?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:00:37

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:01:19

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:01:33

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:01:44

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:02:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 10:03:01

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:03:17



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O xeito é un arte de pesca de enmalle de alta importancia pola tradición e o seu uso común nas costas galegas.

Emprégase de forma predominante nas augas interiores e o seu impacto no medio mariño é mínimo, con capturas reducidas e nulo efecto sobre fondos mariños así como en especies secundarias, polo que pode incluírse no grupo da pesca artesanal e sustentable por non exercer presións sobre os recursos pesqueiros.

Nos últimos anos, o xeito foi sometido, en acordo co sector, a un plan de xestión para as súas capturas de sardiña que se vén renovando ano a ano dende 2016.

Neste contexto restritivo de capturas para esta especie, o xeito veu contando cunha cantidade variable de posibilidades de pesca que permitiu a esta frota continuar coa súa actividade na maioría das rías galegas, mantendo o exercicio desta frota que, tal é como dicíamos, conta cunha importancia en Galicia e unha tradición sumamente relevante nas nosas costas.



Sabemos que a sardiña, moi apreciada especialmente nos meses de verán en Galicia, conseguiu manter a súa presenza nas lonxas galegas de maneira destacada, ao igual que nos últimos anos, pese á nova situación de regulación xerada a raíz dese plan de xestión, establecido para España e Portugal, co obxectivo de acadar unha pronta recuperación desta especie nas nosas augas.

Neste contexto, os deputados e deputadas asinantes queren formular as seguintes cuestións:

1. - Cal foi o número de barcos que se dedicaron á captura da sardiña co arte do xeito?
- 2.- Cal foi a media de capturas que se viñeron producindo con esta arte sobre este especie?
- 3.- Cal foi a facturación dos buques que empregan esta especie nos últimos anos?
- 4.- Cal foi o prezo medio da sardiña do xeito nos últimos anos?
- 5.- Cal foi a facturación media por barco con arte de xeito por esta especie nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:04:41

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:05:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:05:45

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:05:58

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:06:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 10:06:41

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:06:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Consellería do Mar dispón de catro centros educativos nos que se imparte formación integral nas diferentes especialidades de mecánica naval, de pesca e de transporte marítimo.

Nestes centros, os alumnos poden obter formación para capitán de pesca, patrón nas súas diversas modalidades, mariñeiro pescador, mariscador/a, percebeiro/a, entre outros. A todo isto, hai que sumarlle a formación regrada que ten lugar nos diferentes portos galegos.

A formación dos profesionais do sector pesqueiro é una prioridade da Xunta que responde ademais a un compromiso do noso partido coa sociedade galega.

En consecuencia, desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario avaliar o cumprimento deses compromisos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



1.- Cal é a oferta formativa nos centros de formación integral nas diferentes especialidades de mecánica naval, de pesca e de transporte marítimo para o longo desde curso?

2.- Cal é o orzamento previsto para este fin?

3- Que valoración fai da evolución do número de matrículas nestes centros de formación, dependentes da Consellería do Mar, e en xeral, nos portos de titularidade autonómica?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:08:17

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:08:24

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:08:39

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:08:49

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:09:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 10:09:29

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:09:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Unha parte fundamental da actividade económica das vilas costeiras galegas depende dos seus portos e de accións vencelladas ao mar, tanto as relativas ás descargas e vendas de produtos do mar coma as relativas á actividade comercial marítima, transporte ou actividades e recepción de tránsitos náuticos.

O estado de Alarma, decretado o pasado 13 de marzo motivou un parón importante no país, ante o que a Xunta de Galicia, e neste caso a, Consellería do Mar, non baixou a garda.

A xestión do ente público Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación buscando a compatibilidade entre a necesaria sostibilidade económica do organismo e a atención de calidade ás necesidades do sector marítimo portuario, alén de asumir a difícil situación económica. E ante esa aposta a Consellería tiña programadas diferentes obras de dragado e obras de mellora nas instalacións portuarias, que actualmente están en marcha.



Por todo o sinalado anteriormente, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal é o balance dos investimentos e obras en marcha ou en previsión nos portos galegos de competencia autonómica nos últimos meses?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:13:23

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:13:34

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:13:49

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:14:00

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:14:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 10:14:40

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:14:54



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

As medidas de prevención e preparación fronte aos riscos derivados do tráfico marítimo e das actividades industriais costeiras son claves para minimizar os impactos que poden producirse tras un episodio de contaminación mariña.

Para dar resposta a estas eventualidades o Goberno galego deseñou e puxo en marcha o Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan CAMGAL) que cumpre catro anos en vigor.

Co desenvolvemento do Plan CAMGAL por primeira vez na nosa Comunidade se abordaban estas posibles situacións de maneira conxunta e coordinada independentemente da orixe terrestre ou mariña da vertedura, ou da natureza do axente contaminante.

Na pasada lexislatura, distintos departamentos autonómicos traballaron na actualización deste Plan para incorporar as novidades lexislativas e



tecnolóxicas que foron aparecendo no eido da contaminación mariña accidental dende a súa posta en marcha no ano 2012.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as principais novidades que se incorporaron no proceso de actualización do Plan territorial por contaminación mariña accidental de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:39:05

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:39:12

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:39:29

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:39:39

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:40:08

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 10:40:20

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:40:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Unha parte fundamental da actividade económica de Galicia é a correspondente ao sector marítimo-pesqueiro, no que milleiros de profesionais desenvolven o seu labor a bordo de buques pesqueiros.

O estado de Alarma, decretado o pasado 13 de marzo, motivou un parón importante no país, e coñecemos que a Xunta de Galicia e, neste caso, a Consellería do Mar, non baixou a garda nin na defensa dos intereses do sector nin na protección dos traballadores do mar.

Neste eido, sabemos que o obxectivo da Consellería do Mar foi e é conseguir unha maior eficiencia e eficacia tanto no uso dos medios dispoñibles como na atención das tripulacións á súa chegada a porto, no caso da existencia de posibles enfermos polo Covid-19 a bordo dos buques; sendo conscientes de que unha atención ineficiente ou o menoscabo na utilización de medios en caso de esperas nos peiraos por dilacións ou adiantos nas comunicacións de chegada aos portos das embarcacións afectadas podería ser moi prexudicial.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



É por iso que para darlle seguridade á frota, este departamento realizou diversos movementos e adoptou varias accións que puideran levar a unha maior seguridade e a unha mellor integración das medidas para traballar nestes casos.

Por todo o sinalado anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal foi a actuación do Goberno central e, particularmente, do Instituto Social da Mariña (ISM) na atención da necesidade dun protocolo de actuación fronte a casos de Covid-19 a bordo dos buques pesqueiros?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:41:20

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:41:37

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:41:51

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:41:59

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:42:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 10:42:41

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:42:55



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O estado de Alarma, decretado o pasado 13 de marzo, motivou un parón importante na produción que a ampla cadea de mar-industria realiza no país. Un forte castigo económico provocada polo Covid-19, ante o que coñecemos que a Xunta de Galicia e, neste caso, a Consellería do Mar, non perderon nin un minuto en estudar posibles medidas a adoptar para facerlle fronte, paliar e reverter, na medida do posible, a situación.

Entendemos que unha parte destes mecanismos de apoio deben saír fundamentalmente do FEMP e que debían incluír como beneficiaria a toda a cadea mar-industria como afectada pola paralización da actividade, para compensar a suspensión ou a redución da súa produción.

Sabemos que para acadar esta solución o FEMP debería reformularse para incluír axudas ao segmento marisqueiro e financiamento ao segmento do almacenamento e transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura; e que esta modificación foi aprobada no pleno do Parlamento Europeo a mediados de abril, sendo posteriormente estendido o acordo ao Consello de Ministros de Pesca da UE e referendándose esta codecisión na publicación do Regulamento (UE) 2020/560 do Parlamento Europeo e



do Consello de 23 de abril de 2020 polo que se modifican os Regulamentos (UE) 508/2014 e (UE) 1379/2013 en relación con medidas específicas para atenuar o impacto do brote de COVID-19 no sector da pesca e da acuicultura.

Por todo o sinalado anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cal foi a postura e a xestión do Goberno de Galicia a prol de conseguir a flexibilización do regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para integrar posibles axudas a mariscadoras e á transformación?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 10:43:23

José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 10:43:29

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 10:43:40

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 10:43:49

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 10:44:15

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 10:44:26

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 10:44:39



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Cores Tourís, Martín Fernández Prado, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Dende o 2012 Galicia conta cunha ferramenta fundamental para a loita contra a contaminación mariña accidental, o Plan Camgal.

Conscientes da importancia do seu desenvolvemento, o Partido Popular de Galicia fixo no programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria dos galegos en 2016 unha serie de compromisos arredor deste tema.

No 2016 e no marco do desenvolvemento dunha acción na que se propuxo facer plans de zonas protexidas dentro do proxecto ARCOPOL PLATFORM, presentouse o Plan Camgal 2016-2020.

Entre as novidades relevantes apuntadas na revisión do Plan Territorial por Contaminación Mariña Accidental de Galicia (CAMGAL), realizada en 2016, está precisamente a inclusión por primeira vez da obrigatoriedade de elaboración de plans locais por parte dos concellos litorais implicándoos na loita contra a contaminación mariña accidental co fin de minimizar os efectos negativos da mesma nos seus recursos socioeconómicos e ambientais. Neste senso cabe destacar que o Sistema Nacional de



Resposta, publicado con posterioridade, recolleu tamén os plans locais na organización da resposta a nivel nacional.

Este plan terá carácter obrigatorio, conforme ao establecido no artigo 26 do Decreto 135/2016, do 6 de outubro, polo que se regulan a estrutura e a organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, e que no relativo aos Plans locais de protección da ribeira do mar contra a contaminación, sinala que os concellos litorais remitirán á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental un plan local, segundo os criterios descritos para os plans locais no Sistema nacional de resposta.

Asemade, a consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental emitirá informe sobre os plans locais e elevaraos á Comisión Galega de Protección Civil para a súa homologación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

- 1.- Como valora que os concellos costeiros contén cun plan local contra a contaminación mariña accidental?
- 2.- Que balance fai da evolución da aprobación dos plans locais nos concellos costeiros de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 11:03:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



José Manuel Balseiro Orol na data 26/08/2020 11:03:50

José Manuel Cores Tourís na data 26/08/2020 11:04:03

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 11:04:13

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 11:04:58

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 11:05:12

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 11:07:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Elena Cándia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema

En xaneiro de 2017, o entón Presidente do Goberno de España, Mariano Rajoy, convocou unha Conferencia de Presidentes Autonómicos na que se incluíu como un dos temas fundamentais a tratar un longamente reclamado pola Xunta de Galicia: a necesidade de formular unha política transversal a nivel estatal para afrontar os desafíos sociais, financeiros e territoriais derivados da caída da poboación, do envellecemento e da despoboación dos entornos rurais.

A dita conferencia acordou a posta en marcha dunha Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico liderada polo Goberno de España pero tendo en conta tamén as propostas dos gobernos autonómicos e das distintas comisións de estudo creadas nos órganos legislativos. Só unha semana despois, o Consello de Ministros aprobou a creación do Comisionado do Goberno fronte ao reto demográfico, así como a súa estrutura; un departamento ao que lle encomendou a elaboración da Estratexia Nacional acordada pola Conferencia de Presidentes.

Só un mes despois, a Comisionada mantivo unha reunión coa Xunta de Galicia para coñecer as súas propostas, iniciando así unha rolda de



contacto cos gobernos autonómicos que se compaxinou coa constitución e reunións do grupo de traballo interministerial ao seu cargo.

A mediados de 2018, o cambio no Goberno de España levou aparellada unha substitución na figura do Comisionado. Unha nova Comisionada retomou as reunións. Iso si, a súa relación de actos publicada na web do Ministerio de Política Territorial e Función Pública só recolle encontros con membros de gobernos autonómicos do PSOE (Extremadura, Asturias e, daquela, Andalucía). A partires do inicio de 2019 desaparecen as reunións institucionais e co tecido asociativo para encherse dita axenda de participación en xornadas e entrevistas en medios de comunicación.

Outro indicativo da perda de interese sobre o reto demográfico por parte de determinadas forzas políticas foi a ausencia de PSOE do debate de aprobación de do informe final da Comisión sobre a Evolución Demográfica en España, unha das mencionadas no mandato da Conferencia de Presidentes como fontes básicas das medidas da futura Estratexia Nacional. Na sesión final desta Comisión, o 22 de febreiro de 2019, o PSOE, que nin sequera presentara proposta algunha para o informe final, decidiu ausentarse da votación das restantes propostas (das que preto dun centenar partían do Grupo Popular).

En marzo de 2019, o Consello de Ministros aprobou unhas “directrices” da Estratexia Nacional, pero nada segue sen saberse do documento final da Estratexia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en comisión:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia dalgún avance na aprobación definitiva por parte do Goberno de España, da necesaria Estratexia Nacional fronte ao Reto Demográfico?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 13:22:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 13:22:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 13:22:51

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 13:23:04

María Elena Candia López na data 26/08/2020 13:23:22

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 13:23:48

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 13:23:55

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 13:24:12



Á Mesa do Parlamento

Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Elena Cándia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema

A Xunta resolveu o pasado ano as axudas para as primeiras 30 Casas do Maior que se instalarán en 25 concellos rurais de menos de 5.000 habitantes.

Cada unha delas atenderá a persoas de máis de 60 anos de idade con dependencia moderada ou severa, polo que estas axudas permitirán a creación de ata 150 prazas de atención diúrna para maiores en situación de dependencia.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en comisión:

Cal é a previsión do Goberno galego en relación á posta en marcha de Casas do Maior para esta lexislatura?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 13:41:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 13:41:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 13:42:03

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 13:42:16

María Elena Candia López na data 26/08/2020 13:42:30

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 13:42:47

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 13:42:55

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 13:43:11



Á Mesa do Parlamento

Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Elena Cándia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes en sede parlamentaria a valoración sobre este tema

A conselleira de Política Social compareceu no Parlamento o pasado 3 de abril para informar sobre as medidas posta en marcha polo seu departamento desde a declaración de emerxencia sanitaria en Galicia.

Na primeira reunión do Consello da Xunta celebrado tras a declaración de emerxencia sanitaria, o Goberno galego aprobou un Plan social de continxencia para atender ás persoas e aos fogares máis vulnerables.

Este Plan de continxencia foi reforzándose con novas medidas como a aprobación unha axuda económica para os nenos que dispuñan dunha bolsa de comedor na súa escola infantil, colexio ou instituto; aprobouse un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario dotado de 6 millóns de euros; a exención das toas das escolas infantís, centros de día e ocupacionais; e a maior orde de axudas da historia de Galicia ás entidades sociais de 18,3 millóns de euros.

En relación ao Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para responder a situacións de emerxencia durante o tempo que durase a alerta sanitaria causada polo coronavirus, asignáronse 500.000 novas horas mensuais



aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais.

O Goberno galego asumiu o importe que pagaba habitualmente a persoa usuaria deste servizo para proporcionar unha atención profesional a todas aquelas persoas que non eran usuarias do SAF pero podían precisar a atención nesta situación excepcional.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas do Grupo Popular fan a seguinte pregunta oral en comisión:

A cantos fogares se prestou atención a través do Servizo de Axuda no Fogar extraordinario durante a situación de emerxencia sanitaria?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 14:01:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 14:01:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 14:01:47

Raquel Arias Rodríguez na data 26/08/2020 14:02:31

María Elena Candia López na data 26/08/2020 14:02:48

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 14:03:12

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 14:03:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 14:03:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ovidio Rodeiro Tato, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo polo trámite de urxencia.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Nos primeiros días de abril tivemos coñecemento de que o Goberno Central decidiu apropiarse dos fondos de emprego das autonomías, unha decisión que fixo perder a Galicia 100 millóns de euros.

Nunha decisión que desde o Grupo Popular entendemos incomprendible e que ataca directamente ao autogoberno galego, o Executivo optou por romper o diálogo coas autonomías e deixar a un lado o consenso e a corresponsabilidade, mingando os recursos para que Galicia e o seu tecido produtivo poidan saír desta situación actual nas condicións óptimas desde o punto de vista económico, laboral e social.

Nun contexto de crise como a que vai deixar a pandemia da Covid-19, non parece razoable que o primeiro recorte que propoña o Goberno de PSOE e Podemos sexa nas políticas activas de emprego e nomeadamente nos fondos para formación aos traballadores, un eido que xa revelou fundamental en recesións anteriores.



Desde o Grupo Popular entendemos que a mellor política social que podemos poñer en marcha desde as autonomías é unha política de emprego que aposte polo crecemento e o valor engadido. Polo tanto, denegar a Galicia 100 millóns de euros - 2.400 millóns de euros ao conxunto das comunidades autónomas - é o mesmo que negarlle oportunidades aos traballadores de manter ou atopar un emprego e ás empresas de ser máis competitivas cando superemos a pandemia.

Sen estes fondos para formación, o Goberno de Pedro Sánchez está dificultando a reactivación do mercado laboral en Galicia nos vindeiros meses en sectores fundamentais como a industria ou o comercio, por citar só dous exemplos, así como nas empresas, pero tamén as oportunidades de formación e emprego no eido rural, especialmente dos desempregados máis vulnerables que teñen nos obradoiros e nos programas integrados de emprego, entre outras iniciativas, a mellor alternativa para a súa inserción laboral.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno Galego do recorte por parte do Goberno central de 100 millóns de euros que lle correspondían á Xunta para a posta en marcha de políticas activas de emprego?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 14:06:14

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 14:06:49

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 14:08:00

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 14:08:55

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 14:09:15

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 14:09:45

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 14:10:16



Á Mesa do Parlamento

Pedro Puy Fraga, Marta Nóvoa Iglesias, Paula Prado del Río, Guadalupe Murillo Solís, Álvaro Pérez López, José Manuel Rey Varela, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A Xunta de Galicia ven desenvolvendo unha aposta firme e decidida por axilizar os prazos de pagamentos aos seus provedores como medio para evitar os problemas de liquidez das empresas que prestan os seus servizos na Administración galega.

Así os datos publicados polo Ministerio de Facenda mensualmente sobre o pago a provedores veñen reflexando que Galicia lidera as Comunidades que mellor pagan as súas obrigas ademais de manter uns niveis moi reducidos de débeda comercial.

A declaración do Estado de Alarma por parte do Goberno central o pasado 14 de marzo, como consecuencia da pandemia do Covid-19, levou aparellada unha parálise case total da actividade económica o que provocou que miles de familias e empresas galegas perderan as súas posibilidades de seguir xerando ingresos con normalidade, cos conseguintes problemas de liquidez.



Nunha situación como esta, resultaba imprescindible que as administracións públicas tomaran medidas de inmediato para dar resposta a esta situación e mitigar os efectos económicos negativos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que valoración fai o Goberno dos datos sobre os prazos de pago a provedores e débeda comercial da Comunidade Autónoma de Galicia e especialmente nun momento de caída abrupta dos ingresos das familias e empresas galegas?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 14:24:22

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 14:24:38

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 14:24:57

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 14:25:12

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 14:25:28

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 14:25:39

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 14:25:59



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia vén traballando desde hai tempo en diversos eidos para preparar Santiago de Compostela para a celebración dun acontecemento singular como é o Ano Santo 2021; un Xacobeo 2021 que, polas circunstancias actuais derivadas da pandemia da covid-19, sen dúbida, será o máis necesario da historia, fundamental para a dinamización económica e laboral a través do turismo.

Entre as medidas que o Goberno galego está a impulsar de cara ao Xacobeo do vindeiro ano están as actuacións de mellora e integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela que está a desenvolver a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Axencia Galega de Infraestruturas, concretamente: no Camiño Francés, na baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e no cruce dos Concheiros; no Camiño Portugués, no treito que chega ao mosteiro de Conxo; e no Camiño Inglés, para favorecer o tránsito dos peregrinos a través dunha zona industrial como é o polígono do Tambre e tamén fronte ao cemiterio de Boisaca.



Para este fin asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia e a Consellería de Cultura, co obxectivo de acadar a mellora estética e funcional das Rutas Xacobeas á súa entrada na cidade, construír unha identidade homoxénea e ofrecer a máxima calidade na experiencia do peregrino.

A día de hoxe os traballos da Xunta, que se están a desenvolver en coordinación co Concello de Santiago, están moi avanzados e mesmo algunhas das actuacións, como é o caso da integración paisaxística do Camiño ao seu paso polo polígono do Tambre e Boisaca están rematadas e outras están ultimándose, a piques de finalizar.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. En que estado de desenvolvemento se atopan as actuacións de integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela que está a executar a Xunta?
2. Que resultados concretos se esperan obter coa realización destes traballos?
3. Cales son as actuacións máis singulares?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 26/08/2020 14:25:35

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 14:25:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 14:26:02

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 14:26:18

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 14:26:47

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 14:27:08

Borja Vereza Fraiz na data 26/08/2020 14:27:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, María Encarnación Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, María Elena Suárez Sarmiento e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta Oral en Comisión 4ª; Educación e Cultura polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

A crise sanitaria causada pola expansión da covid-19 esta tendo un gran impacto económico e social en múltiples sectores de Galicia, entre os que destaca o ámbito cultural.

Este sector, do que dependen directamente 30.000 profesionais en Galicia, veuse gravemente afectado polo parón que se produciu durante a aplicación do estado de alarma e o confinamento.

Na actualidade a situación segue sendo moi complexa. Sucédense múltiples cancelacións de eventos e todo o sector tivo que levar a cabo unha importantísima transformación, adaptando os formatos tradicionais e creando novas propostas, máis axeitadas para o novo escenario sanitario.



Desde o principio da pandemia a Xunta de Galicia apoiou ao sector cultural, promovendo iniciativas como #aculturasegue e a través do Plan de Reactivación do Sectores Cultural e Turístico.

Por diante, presentase un reto de gran complexidade, garantir a seguridade sanitaria sen renunciar á cultura, unha das nosas maiores riquezas como país e como persoas, así como unha fonte de emprego e benestar para miles de familias galegas.

Por estas razóns, os deputados do grupo parlamentario popular formulan a seguinte pregunta:

- ¿Que iniciativas está levando a cabo a Xunta de Galicia para promover actividades culturais seguras e garantir o dereito á cultura no actual contexto sanitario?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 14:10:50

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 14:11:35

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 14:13:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 14:13:43

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 14:15:01

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 14:15:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 14:16:18

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 14:16:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPGhil.duD1rF7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Antonio Rodríguez Miranda, Gabriel Alén Castro, María Encarnación Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, María Elena Suárez Sarmiento e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta Oral en Comisión 4ª; Educación e Cultura polo trámite de urxencia**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos

A Ribeira Sacra é unha das maiores riquezas culturais e turísticas de Galicia. Unha terra na que a sinerxía entre o home e a natureza ao longo dos séculos transformou o territorio, creando unha paisaxe cultural sobranceira, que non ten igual en todo o mundo.

Trátase do patrimonio cultural máis extenso de Europa, e un dos mais grandes da terra, que abrangue 21 concellos en Lugo e Ourense, que abrangue numerosos BICs e centos de bens catalogados de gran valor cultural.

Esta realidade reflexouse na aceptación pola UNESCO da Candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial e a súa inclusión na Lista Indicativa, así como a súa posible declaración durante o próximo ano 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Este é un éxito colectivo, pero tamén unha responsabilidade común das diferentes administración que deben realizar unha importante labor de coordinación e investimentos para que a declaración sexa unha realidade.

No último ano, o Goberno galego ven realizando unha importante labor de planificación e coordinación, así como múltiples investimento na rehabilitación e conservación de diferentes elementos da Ribeira Sacra.

Por estas razóns, os deputados do grupo parlamentario popular formulan a seguinte pregunta:

- Cal é o estado actual da Candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial da Humanidade? En que fase se encontra o proceso e que avances e investimentos en materia de conservación e rehabilitación se están facendo ao respecto?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 14:18:44

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 14:19:15

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 14:20:46

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 14:21:13

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 14:21:43

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 14:22:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 14:22:31

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 14:23:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno galego está a incidir nos últimos anos na conservación e mantemento da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (Raega) ao considerar que o bo estado da rede viaria é un factor fundamental para reforzar a seguridade viaria.

Esta aposta por manter nas mellores condicións posibles os 5.500 quilómetros de estradas de competencia autonómica leva aparelado o desenvolvemento de distintas medidas e programas que redundan na seguridade de todos os usuarios das estradas.

Entre estas medidas, hai un programa específico de seguridade e inspeccións das pontes e obras de paso no que Galicia foi pioneira. Un programa co que vén realizando actuacións e inspeccións periódicas e constantes nos viadutos, pontes ou obras de paso existentes na rede de estradas de titularidade da Xunta.

O pasado mes de xullo, para darlle continuidade a esta iniciativa, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade sacou a licitación un novo contrato de servizo que amplía o control dos elementos das estradas,



centrado na inspección dos muros e noiros da rede autonómica de estradas para garantir a súa boa conservación durante os próximos anos, dando así resposta á resolución aprobada en outubro de 2018 na Cámara autonómica e que contou co respaldo de PPdeG, BNG e PSdeG.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Cal é o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa titularidade?
2. Que novidades presenta o novo contrato no que atinxe á avaliación e control do estado dos muros e noiros existentes na Rede Autonómica de Estradas de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 26/08/2020 15:59:46

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 16:00:06

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 16:00:16

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 16:00:31

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 16:00:54

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 16:01:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Borja Verea Fraiz na data 26/08/2020 16:01:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Guadalupe Murillo Solís, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno galego está a traballar para mellorar a calidade da auga da ría de Pontevedra para que esta mellora redunde en beneficio da actividade turística, marisqueira e pesqueira que se desenvolve na zona, ao tempo que dá cumprimento ás normativas europeas a este respecto.

Para acadar este obxectivo, ten planificado un conxunto de proxectos que permitirán avanzar de xeito substancial no saneamento integral da ría de Pontevedra. Estas actuacións estanse a concretar xa na mellora e ampliación da capacidade da estación de depuración de augas residuais dos Praceres, que se complementará coa construción dun novo emisario submarino.

Os traballos implican a varios departamentos do Goberno galego -á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, que é quen está a impulsar as actuacións para a mellora da calidade das augas, e á Consellería do Mar, polos beneficios que as actuacións suporán para o sector pesqueiro e marisqueiro- e benefician, fundamentalmente, aos concellos de Pontevedra, Marín, Poio e Vilaboa, así como aos colectivos de profesionais do mar que desenvolven a súa actividade na ría.

A comezos do pasado mes de xullo a Xunta, a través de Augas de Galicia, iniciaba as obras de mellora do sistema de depuración de augas residuais dos Praceres, que están en pleno desenvolvemento.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



En que situación se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 26/08/2020 16:10:18

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 16:10:35

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 16:10:49

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 16:11:06

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 16:11:13

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/08/2020 16:11:26

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 16:11:40

Borja Vereza Fraiz na data 26/08/2020 16:11:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

.

Unha das liñas de traballo da Xunta de Galicia en materia de augas nos últimos anos é o apoio técnico e financeiro que vén prestando aos concellos para que desenvolvan de xeito máis eficaz as súas competencias de saneamento, abastecemento e depuración.

No marco desta liña de traballo, en xuño de 2019 o Goberno galego publicou unha orde de axudas de apoio técnico e económico aos municipios para a elaboración de plans de emerxencia fronte á seca que lles permita estar preparados e garantir o abastecemento de auga á poboación ante unha situación de alerta. A contía das subvencións para que os municipios elaborasen os seus propios plans de emerxencia podía acadar os 15.000 euros e ademais eran compatibles coas achegas doutras administracións, como o caso das deputacións provinciais, como corresponsables dos servizos nos concellos de menos de 20.000 habitantes, segundo establece a lexislación estatal.

Tamén este ano, concretamente en xuño, o Goberno galego publicaba unha nova convocatoria de axudas aos concellos para a elaboración de plans de emerxencia propios fronte a seca, co obxectivo de que máis



municipios poidan dispoñer desta importante ferramenta para poder anticiparse a posibles situacións de alerta.

A isto hai que engadir outra nova convocatoria feita pola Xunta este verán, neste caso, dirixida a comunidades de usuarios para mellorar a calidade das augas das traídas veciñais.

Estas axudas da Xunta están en liña co mandato emanado deste Parlamento na pasada lexislatura cando, en data de 7 de maio de 2019, o Pleno debatía e aprobaba unha proposición non de lei relativa ás actuacións a levar a cabo co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- 1.- Que balance fai a Xunta das dúas convocatorias de axudas de apoio técnico e económico aos concellos para a elaboración de plans de emerxencia fronte á seca para garantir o abastecemento de auga á poboación?
- 2.- Cantos municipios se beneficiaron destas axudas?
- 3.- Cales son os obxectivos da nova orde que sacou este verán o Goberno galego para mellorar a calidade das augas das traídas veciñais?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 26/08/2020 16:24:55

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 16:25:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 16:25:44

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 16:26:16

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 16:26:25

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 16:26:42

Borja Vereza Fraiz na data 26/08/2020 16:26:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Martín Fernández Prado, Daniel Vega Pérez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A situación orixinada pola COVID-19, ademais da emerxencia sanitaria, tamén está a ter consecuencias sociais e económicas de largo alcance que afectan aos distintos sectores, entre os que se atopa o do transporte público de pasaxeiros.

As restricións na mobilidade derivadas da emerxencia sanitaria e da declaración do estado de alarma, así como a diminución dos desprazamentos dos cidadáns están a ter un forte impacto no sector.

A dispersión territorial e o envellecemento da poboación acentúan a importancia que ten en Galicia o transporte público para garantir o dereito dos cidadáns á mobilidade e o seu acceso aos principais servizos básicos. Co obxectivo de garantir estes dereitos, a Xunta foi restablecendo os servizos de transporte público de xeito acompañado á recuperación da actividade e ao incremento dos desprazamentos, algo que, por certo, non está a facer o Goberno de España no relativo aos servizos ferroviarios, da súa competencia, que operan en Galicia.



Sen embargo, a recuperación plena da oferta non se viu aínda acompañada dunha total recuperación da demanda e os niveis de ocupación continúa moi afastados da media dos meses previos á declaración da emerxencia sanitaria.

Xunto con isto, o sector está a facer fonte a unha continua necesidade de adaptación para implantar medidas e dotarse de material de protección e hixiene, tanto para os seus traballadores como para os usuarios, en aras de garantir en todo momento unha mobilidade segura.

Consciente desta situación e de cara garantir a sostibilidade do sector do transporte público da súa competencia, a Xunta adoptou diversas medidas encamiñadas a favorecer unha mobilidade segura e tamén para achegar liquidez ao sector co pagamento de anticipos, mentres se sigue á espera do Fondo COVID-19 estatal, cuxo reparto esta pendente de certificación por parte do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- 1.- Que medidas ten posto en marcha a Xunta de Galicia para garantir a sostibilidade do sector do transporte público por estrada e para favorecer unha mobilidade segura?
- 2.- Como procedeu o Goberno galego ao restablecemento dos servizos de transporte público da súa competencia?
- 3.- Que ten feito o Goberno de España para compensar ás empresas de transporte polas perdas derivadas da COVID-19?
- 4.- E para restablecer os servizos ferroviarios, da súa competencia?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 26/08/2020 16:33:16

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 16:33:55

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 16:34:08

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 16:34:43

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 16:34:55

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 16:35:14

Borja Vereza Fraiz na data 26/08/2020 16:35:30



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Marta Fernández-Tapias Núñez, Álvaro Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, Marisol Díaz Mouteira e José Manuel Rey Varela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

Os avances en materia de axudas ás AVPC son innegables. Só no verán de 2019 a Xunta dotou a 66 agrupacións galegas de 16 vehículos todo terreo tipo pick-up, 21 remolques para a atención ás emerxencias e 29 tendas de campaña de emerxencias. Un investimento superior ao millón de euros que non é puntual senón que vén a complementar o amplo proceso de equipamento das AVPC levado a cabo pola Xunta nos últimos anos.

Na formación, a mellora tamén é patente. A Academia Galega de Seguridade Pública imparte un importante número de actividades, entre as que as de formación a persoal voluntario de protección civil teñen un papel fundamental.

Cumprido o comprometido en materia de axudas e formación, o Grupo Popular considerou necesario impulsar actuacións relativas á promoción e o recoñecemento social do voluntariado de protección civil.

En xaneiro deste mesmo ano, sometemos á votación unha iniciativa que lamentablemente non contou co apoio de todos os grupos da oposición e que tiña o seguinte contido: "O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dinamizar a participación da sociedade en tarefas de protección civil a través de campañas de promoción do voluntariado, de captación de novos membros e da promoción do recoñecemento social e institucional do labor deste persoal voluntario."

Transcorridos xa varios meses desde a aprobación daquel acordo, o Grupo Popular considera de interese coñecer os avances realizados nese aspecto que restaba por desenvolver do programa do noso partido en materia de protección civil.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

Que avances ten efectuado a Xunta de Galicia nos últimos meses en relación á promoción e o recoñecemento social do voluntariado de protección civil?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 17:08:01

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:08:14

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 17:08:21

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 17:08:30

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 17:08:42

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 17:08:50

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 17:08:59



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Marta Fernández-Tapias Núñez, Álvaro Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, Marisol Díaz Mouteira e José Manuel Rey Varela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

Hai xa tres anos, o Parlamento de Galicia aprobaba a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o primeiro texto legal da nosa Comunidade neste eido.

Unha lei que non só non quedou en papel mollado como adoita a dicir a oposición da lexislación aprobada neste Parlamento, senón Xunta de Galicia foi extraordinariamente rápida en cumprir cos primeiros mandatos da dita norma:

- Coa elaboración dun modelo de declaración responsable para autorizacións de verbenas e festas populares que facilitaba ás comisións de festas ou asociacións de veciños o cumprimento da disposición Adicional 4ª da lei.
- Coa tramitación e aprobación do Decreto 82/2018, do 2 de agosto, polo que se regula a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia e co posterior proceso de elección de membros, que permitiu ter constituída a finais dese mesmo ano á Comisión encargada de analizar os seguintes desenvolvementos lexislativos.
- Cos traballos desa Comisión no seu primeiro cometido: elaborar un Proxecto de decreto polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, texto que se fixo público en febreiro de 2019 no Portal de Transparencia e Goberno Aberto de Galicia para sometelo a un amplo proceso de participación pública e que foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta en setembro deste ano.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

Que novidades ou melloras achegarán os desenvolvementos pendentes da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 17:09:28

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:09:41

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 17:10:03

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 17:10:14

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 17:10:24

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 17:10:33

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 17:10:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, aspira a converterse nun referente na innovación na xestión de recursos hídricos co desenvolvemento dun ambicioso proxecto que ten como obxectivo erixirse nunha ferramenta de desenvolvemento de novos produtos, servizos e solucións en xestión integrada avanzada da auga.

Innovaugas 4.0, que conta tamén coa colaboración da Axencia Galega de Innovación (GAIN), enmárcase no que se denomina compra pública de innovación, que é un instrumento da política de innovación desde a demanda. A súa relevancia vén dada tanto polo orzamento do que dispón, como polos resultados que se agardan obter coa súa posta en marcha e que servirán para mellorar o servizo que o Goberno galego presta á cidadanía no que á xestión da auga se refire.

A iniciativa contempla a dixitalización dos procesos relacionados coa xestión dos recursos hídricos e tamén pretende lograr que o crecente volume de datos e a capacidade de computación sirva para proporcionar unha mellor resposta ás necesidades dos cidadáns.

A pretendida mellora da xestión da auga ten ademais que ter presente o cambio climático no que estamos inmersos e, en consecuencia, ofrecer solucións innovadoras que permita dar unha resposta temperá e adaptada aos fenómenos naturais que se nos presenten.

A circularidade na xestión da auga é o cuarto pilar fundamental sobre o que se asenta este proxecto ao entender que un modo axeitado de afrontar o futuro da auga ten que



pasar pola busca de solucións enerxeticamente eficientes e que convertan a xestión dos recursos hídricos nunha xestión sostible desde todos os puntos de vista.

No marco do desenvolvemento deste proxecto, a Xunta realizou unha primeira fase de consultas preliminares ao mercado e un ciclo de talleres para incentivar que os centros tecnolóxicos e grupos de investigación achegasen propostas innovadoras para a xestión avanzada dos recursos hídricos.

A información achegada polos participantes no proceso de consultas preliminares ao mercado constituirá a base para a posterior confección dos pregos de contratación para executar as melloras na xestión da auga nunha conca piloto da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Por isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

- 1.- Que beneficios espera poder ofrecer á cidadanía o Goberno galego coa posta en marcha do proxecto Innoaugas 4.0?
- 2.- Que resposta tivo entre os centros tecnolóxicos e grupos de investigación o proxecto Innoaugas á hora de achegar propostas innovadoras para a xestión avanzada dos recursos hídricos?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 17:26:03

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:26:43

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 17:27:01

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 17:27:21

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 17:27:53

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 17:28:04

Borja Verea Fraiz na data 26/08/2020 17:28:15



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O artigo 4 do Estatuto de autonomía para Galicia sinala que “lles corresponde aos poderes públicos galegos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación das galegas e dos galegos na vida política, económica, cultural e social”.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, expresa, no seu Artigo 6 que “o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, poñerá en marcha, de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero. As campañas terán especial divulgación nos medios de comunicación de titularidade pública, nos centros escolares, educativos, sociais, sanitarios, laborais, culturais e deportivos”.

Así, con esta base legislativa amparada pola nosa Constitución e tamén pola Lei Orgánica do 2004 contra a violencia de xénero, amósase que prima o amparo contra a violencia de xénero. Esta só se percibe cando a visibilidade está no extremo da pirámide, pero hai moitos aspectos que aínda deben modificarse, xa que son manifestacións sutís, ou menos evidentes e en espazos onde a prevención debe ser un foco prioritario, como son os diferentes ámbitos da educación.

Dende os primeiros anos de vida, a escola é un dos contextos de socialización máis importantes. É necesario contar con estratexias concretas de cara ao mestrado, o



alumnado e as familias para poder previr, detectar e frear en caso de que sexa necesario.

Máis de vinte son as medidas específicas de educación no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se aprobou en decembro de 2017 no Congreso dos Deputados, apoiado por tódolos grupos políticos, coa abstención de Podemos. Moitas das iniciativas están a cumprirse hoxe en día na nosa Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- 1- Que medidas se están a levar a cabo no eido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero dende a Secretaría Xeral de Igualdade dirixidas ás Asociacións de Nais e Pais?
- 2- Cal é a valoración que fai o goberno galego das medidas postas en marcha?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 17:28:44

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 17:28:59

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 17:29:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 17:29:27

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:29:41

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:29:55

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 17:30:02

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 17:30:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal no Capítulo V “De los delitos relativos a la prostitución y a la explotación sexual y corrupción de menores” amosa os avances levados a cabo na lexislación penal que castiga este delito.

O proxenetismo está penado en España pero temos unha lagoa que hai que atallar na atención ás súas vítimas e que cómpre resolver elaborando e aprobando unha Lei Integral contra a Trata de Seres Humanos que contemple toda forma de explotación contra mulleres e nenas, tal e como propuxo o Partido Popular no seu programa electoral para as eleccións xerais de 2019.

Precisamente, foi un goberno do Partido Popular o que impulsou o Plan Integral contra a Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, cun Plan de Acción baseado en sete piares: enfoque dos Dereitos Humanos, enfoque de xénero, Primacía do interese superior do menor, mellora do coñecemento das situacións de trata con fins de explotación sexual, facer ás vítimas protagonistas en todo o proceso, a persecución do delito, o enfoque integral, a cooperación e a participación de todos os organismos e actores públicos e privados. Todas elas, medidas moi importantes.

En decembro de 2017 tomouse como unha cuestión de Estado a problemática da violencia de xénero amosando a maioría das organizacións políticas unidade, consenso e coordinación de cara a un traballo conxunto como é o Pacto de Estado contra a violencia de xénero 2018-21, onde aparecen reflectidas diferentes propostas. En



particular, nas medidas 190 e ata a 199 tense en conta a prostitución coma un área na que queda moito por facer.

Na Lei galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, dentro do artigo 3 de formas de violencia de xénero temos recoñecida a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e calquera outro xeito de violencia recollida nos Tratados Internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

- Cal é a valoración que fai o Goberno galego da súa colaboración coas entidades que traballan contra a trata e a explotación sexual?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 17:25:50

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 17:26:08

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 17:26:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 17:26:49

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:27:03

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:27:18

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 17:27:26

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 17:27:37



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Marta Fernández-Tapias Núñez, Álvaro Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, Marisol Díaz Mouteira e José Manuel Rey Varela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A Xunta de Galicia ven demostrando nos últimos anos un claro compromiso co noso sistema xudicial, mesmo nos anos en que a recesión económica reduciu de forma moi apreciable os recursos da nosa comunidade.

Ese compromiso vense reflectindo nos orzamentos, que nos últimos anos, inda que moderadamente, se foron incrementando neste eido.

As melloras tecnolóxicas e a aposta por novas infraestruturas xudiciais como as que se teñen executado en Santiago, Ourense, A Coruña, Pontevedra e Tui e a que se están executando en Vigo dan conta dun claro compromiso coa modernización do noso sistema xudicial.

Porén, dende o Grupo Popular somos conscientes da importancia de complementar estas grandes obras coas pertinentes melloras no resto de edificios xudiciais da nosa Comunidade.

Somos coñecedores de que son moitas as actuacións que se están acometendo neses edificios; non só para a súa conservación e mantemento ordinario, senón actuacións de mellora e adaptación, para optimizalos dende o punto de vista funcional, enerxético, etc. en definitiva, actuacións que garantan que os edificios xudiciais sirvan en todo momento, de forma óptima, os fins que lle son propios.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:



- Que obras de adaptación e mellora dos edificios xudiciais da nosa Comunidade está a efectuar a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 17:33:00

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:33:18

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 17:33:24

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 17:33:33

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 17:33:42

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 17:33:50

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 17:33:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Elena Candia López, Marta Fernández-Tapias Núñez, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Daniel Vega Pérez e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

No mes de xuño a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, puxo á disposición das empresas de transporte de mercadorías por estrada unha nova ferramenta para favorecer o seu labor diario: o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia.

A través dun portal web, a Xunta facilitou que as empresas de transporte, as empresas cargadoras, ou calquera interesado en xeral, poidan dispoñer dunha ferramenta para o cálculo dos custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da Comunidade Autónoma galega.

A posta en marcha desta ferramenta contou coa participación activa, para a súa definición e desenvolvemento, das federacións representativas de empresas de transporte público de mercadorías por estrada como son Fegatrans, Fegatramer e Fetrán.

Por isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

- 1.- Que vantaxes ofrece ao sector o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia impulsado pola Xunta?
- 2.- Cales son as súas aplicacións prácticas?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 17:32:31

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:32:45

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 17:33:02

Ramón Carballo Páez na data 26/08/2020 17:33:13

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 17:33:27

Daniel Vega Pérez na data 26/08/2020 17:33:41

Borja Verea Fraiz na data 26/08/2020 17:33:55



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñado, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A Estratexia Europea do 2020 marca o camiño do noso Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, que ten como un dos seus catro principios transversais o impulso da innovación e a fixación da poboación no medio rural. Para seguir sumando, temos o marco do Plan de desenvolvemento rural 2014-2020 con proxectos de formación e mellora de competitividade do sector agrícola e dos ecosistemas no noso territorio.

Non quedamos atrás noutras temáticas e tal e como marca o VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres 2017-2020 reflíctense, dentro dos seus obxectivos, a cohesión territorial e a fixación da poboación no medio rural. E dun xeito transversal empapa a todas as áreas estratéxicas na educación e nos valores, na xestión dos traballos e dos tempos, no emprego e na innovación, na participación e no liderado, e por suposto na calidade de vida e no benestar.

En Galicia, segundo o INE contamos coa metade dos núcleos de poboación de toda España, con 30.246. Deles, 9.226 teñen menos de 10 veciños. De aí o esforzo da Xunta de Galicia a través dos “impostos cero” para a compra dunha vivenda; a creación das “casas niño” para promover a conciliación; as “casas do maior” de atención á poboación envellecida, o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e, e por suposto, o reforzo na prevención, sensibilización, asistencia e protección fronte a violencia de xénero. Todas estas medidas forman parte da aposta do goberno polo medio rural.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



1. Cales son os obxectivos e finalidade dos Convenios de colaboración cas Federacións de Mulleres Rurais de Galicia?
2. Que seguimento e valoración se fai dos mesmos?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 17:37:43

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 17:37:56

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 17:38:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 17:38:35

María Elena Candia López na data 26/08/2020 17:39:02

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 17:39:19

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 17:39:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 17:39:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

A vixencia da pandemia internacional ocasionada pola covid-19, declarada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) o 11 de marzo de 2020, fai que a situación sanitaria marque o inicio dun novo curso no ensino non universitario de Galicia, inevitablemente caracterizado polas incertezas derivadas da evolución do virus e pola súa repercusión na actividade lectiva.

Logo de que a covid-19 obrigase a suspensión das clases presenciais en marzo de 2019 e alterase a actividade lectiva prevista inicialmente no curso 2019-20, resulta evidente que o arranque do curso 2020-21 supón un importante reto colectivo para administracións e comunidades educativas.

Desde o primeiro momento a Xunta de Galicia entendeu que é preciso que o ensino galego afrontase a situación da pandemia desde un enfoque sanitario e educativo, xa que hai que velar pola saúde e pola educación dos máis novos.

O obxectivo da Administración educativa galega pasa por traballar para que o curso escolar comece de xeito presencial coa máxima normalidade posible dentro do contexto no que nos atopamos, e sempre coas máximas garantías sanitarias.

Nun exercicio de responsabilidade, o Goberno galego xa publicou en xullo o “*Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros educativos non universitarios para o*



curso 2020/2021”, un documento aberto a modificacións para adaptarse a unha situación sanitaria cambiante e que supón un marco común que cada centro pode axustar á súa propia realidade, en función das súas necesidades e particularidades.

Ao longo do verán e ante unha nova realidade epidemiolóxica, a Xunta abordou un traballo de revisión deste documento inicial, sempre seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias internacionais, estatal e autonómica.

Ante a relevancia deste asunto e o lóxico interese do alumnado e das familias, a Administración educativa galega está a desenvolver as súas competencias e a adoptar medidas para tratar de garantir un inicio de curso presencial e que faga compatible a actividade lectiva nos centros educativos e a convivencia co virus da covid-19.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que medidas permiten o inicio do curso 2020-21 no ensino non universitario de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 17:53:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 17:54:14

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 17:55:03

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 17:55:33

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 17:56:10

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 17:56:26

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 17:56:40



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

A vixencia da pandemia internacional ocasionada pola covid-19, declarada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) o 11 de marzo de 2020, fai que a situación sanitaria marque o inicio dun novo curso no ensino non universitario de Galicia, inevitablemente caracterizado polas incertezas derivadas da evolución do virus e pola súa repercusión na actividade lectiva.

Logo de que a covid-19 obrigase a suspensión das clases presenciais en marzo de 2019 e alterase a actividade lectiva prevista inicialmente no curso 2019-20, resulta evidente que o arranque do curso 2020-21 supón un importante reto colectivo para administracións e comunidades educativas.

Desde xuño, o Ministerio de Educación non convocou ás CCAA a unha Conferencia Sectorial de Educación ata a data do 27 de agosto, nunha reunión coa participación dos responsables estatais e autonómicos das áreas de sanidade e de educación.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Que valoración fai a Xunta de Galicia do resultado da Conferencia Sectorial de Educación celebrada antes do inicio do curso 2020-21?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 18:01:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 18:01:38

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 18:02:06

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 18:02:32

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 18:02:55

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 18:03:13

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 18:03:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

Lograr a maior equidade posible no sistema educativo para que as diferentes capacidades do alumnado non sexan un freo para o seu desenvolvemento persoal e profesional é, dende hai anos, unha aposta do goberno do PP en Galicia.

A Xunta de Galicia activou xa hai varios anos a posta en marcha dos contratos-programa que, precisamente, van encamiñados a facilitar aos centros educativos galegos a súa labor para que poidan organizar, planificar e desenvolver accións e actividades en función das súas necesidades con respecto ás capacidades e circunstancias dos seus alumnos e alumnas.

A pandemia da covid-19 obrigou no curso 2019-20 á suspensión das clases presenciais e, ante o inicio do curso 2020-21, parece lóxico pensar que o alumnado precisa dun reforzo para poder retomar con garantías o seu proceso de aprendizaxe.

Neste contexto, o departamento educativo da Xunta de Galicia anunciou este verán o reforzo da iniciativa de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de primaria e secundaria (ARCO), que complementará o traballo realizado a través das diferentes modalidades dos contratos-programa.



O Grupo Parlamentario Popular entende que este tipo de iniciativas orientadas ao reforzo do alumnado fan máis forte o conxunto do sistema educativo de Galicia e contribúen a reducir o fracaso escolar e acadar mellores niveis de calidade no ensino.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que supón para o ensino galego o desenvolvemento dos contratos-programa e do Programa ARCO no curso 2020-21?

Santiago de Compostela 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 18:06:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 18:07:14

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 18:07:45

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 18:08:29

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 18:08:59

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 18:09:20

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 18:09:36



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

Os comedores escolares son un servizo educativo complementario que se ten amosado de grande interese e utilidade para un bo número de familias.

En Galicia, como noutras comunidades autónomas, os comedores escolares son xestionados tanto polas propias administracións autonómicas como polas Anpas ou concellos, de maneira directa ou indirecta a través de empresas contratadas.

No curso 2019-2020, a crise sanitaria da covid-19 obrigou a suspensión das clases presenciais e, en consecuencia, impediu a habitual prestación do servizo de comedor nos centros educativos de Galicia. Ante esta situación, a Xunta habilitou unha liña de axudas extraordinarias de bolsas de comedor para as familias vulnerables.

Ante o inicio do curso 2020-21 e ante o feito de que a pandemia sanitaria sigue activa, parece oportuno coñecer as previsións do Goberno galego en relación coa prestación do servizo de comedor escolar na nosa comunidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



En que condicións o alumnado galego pode seguir beneficiándose do uso dos comedores escolares para o curso 2020-21?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 18:22:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 18:22:42

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 18:23:07

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 18:23:32

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 18:24:06

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 18:24:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 18:24:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

A Xunta de Galicia leva xa uns anos afrontando obras en centros educativos da nosa comunidade. No ano 2016, a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional aprobou o Plan de dotación de Infraestruturas Educativas para o período 2016-2020 nun exercicio de planificación dos investimentos para a renovación, mellora e nova construción de centros de ensino na nosa Comunidade.

Por primeira vez, a Xunta conta cun documento que planifica a mellora das instalacións da rede de centros de ensino, co obxectivo de adaptar os edificios ás necesidades do sistema educativo galego, particularmente en cuestións como a eficiencia enerxética, novas tecnoloxías ou os impactos demográficos.

Xunto ao devandito plan, no pasado mes de xuño, o Goberno galego tamén acordou un novo investimento en obras e equipamento a través do denominado Plan de Reactivación do Sector Construción para a mellora dos Centros Educativos.

O Grupo Parlamentario Popular considera oportuno que, atendendo sempre ás necesidades e ás disponibilidades orzamentarias, a Administración educativa galega afronte obras e actuacións de mellora que permitan que Galicia conte cunhas instalacións educativas que reúnan estándares de calidade que redunden no benestar do alumando galego.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que actuacións de mellora realizou a Xunta de Galicia nos centros educativos de Galicia para afrontar o novo curso escolar?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 18:17:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 18:17:39

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 18:17:59

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 18:18:29

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 18:18:52

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 18:19:10

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 18:19:28



Á Mesa do Parlamento

María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra esta pandemia.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo declarouse o Estado de Alarma en España. Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

Unha vez levantado o Estado de Alarma en España, e manténdose en Galicia o de emerxencia sanitaria, aprobouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade que regula, xunto ao citado Acordo de



declaración da emerxencia sanitaria, as medidas de prevención e control que están vixentes e funcionan hoxe en día na nosa Comunidade Autónoma.

Unha desas medidas foi a realización de tests masivos a colectivos especialmente expostos ao virus, uns cribados que ou ben se localizaron en zonas xeográficas e segmentos de poboación especialmente afectadas (recentemente como as persoas mozas da comarca coruñesa) ou ben se realizaron en todo o territorio galego pero centrados en colectivos concretos como o persoal docente, as persoas internadas en residencias ou determinados grupos laborais.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que criterios e finalidade tiveron as medidas de cribado para a detección da COVID-19 realizadas a determinados colectivos nos últimos meses?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 18:38:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 18:38:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 18:39:03

María Elena Candia López na data 26/08/2020 18:39:14

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 18:39:30

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 18:39:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 18:40:02



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Rey Varela, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

A Xunta de Galicia está inmersa plenamente nun proceso de transformación dixital para consolidar unha administración integramente dixital, máis accesible e proactiva nas súas relacións coa cidadanía. Neste proceso, a nova Lei de administración dixital, veu a consolidar a Sede electrónica da Xunta de Galicia, como o punto de acceso único, sinxelo e accesible para a realización das xestións públicas, sen condicionantes horarios nin de espazo, coa máxima seguridade e contribuíndo a un uso máis eficiente dos recursos.

A través dela, os cidadáns teñen a posibilidade de relacionarse coa Xunta de Galicia e xestionar en liña toda a información relativa aos seus trámites administrativos sen ter que desprazarse presencialmente a unha oficina da Xunta e con todas as garantías de seguridade evitando presentar aquela documentación que xa consta na carpeta do cidadán.

No contexto actual, a utilización dos medios electrónicos está cada vez máis xeneralizada entre a poboación, polo que a Sede electrónica ten que evolucionar e adaptarse ás novas exixencias e necesidades para facela máis accesible á cidadanía sen que as xestións online supoñan unha barreira para ningún cidadán na súa relación coa administración galega.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Cales son as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para ampliar as funcionalidades da Sede electrónica da Xunta e os trámites que se poden realizar a través dela?



Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 19:04:29

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:05:01

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 19:05:18

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 19:05:37

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 19:05:47

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:06:19

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:06:27

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 19:07:06



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

A implantación do Expediente Xudicial Electrónico só pode materializarse si se conta coas infraestruturas adecuadas para dar cabida aos compoñentes tecnolóxicos involucrados no novo modelo.

O Plan Senda 2014 da Xunta de Galicia abriu o camiño cara a este novo modelo, e o Plan Senda 2020 consolidou este obxectivo a través da posta en marcha dun conxunto de iniciativas, entre as cales configurou a videoconferencia como un servizo básico na Administración de Xustiza.

O emprego da videoconferencia é unha ferramenta máis demandada hoxe en día polo servizo público da Xustiza dada as súas múltiples vantaxes, como medio para mellorar as comunicación e eliminar a totalidade de desprazamentos innecesarios dos distintos axentes que participan nun procedemento xudicial, polo que debe ser unha actuación estratéxica da Xunta de Galicia o potenciar este servizo coa ampliación da rede de videoconferencias, pois tamén é un elemento importante de cara ao expediente xudicial electrónico.

Dende o ano 2017 a totalidade de sedes xudiciais de Galicia dispoñen de sistemas de videoconferencia, que permiten a participación remota nunha vista ou declaración na Administración de Xustiza en Galicia, permitindo o emprego deste tipo de solucións eficientar en tempo e custo a súa función.

Non obstante, dado o alto grado de uso de este equipamento e a mellora no servizo a cidadanía e na axilidade da tramitación dos procedementos xudiciais que supoñen, cómpre levar a cabo actuacións que garantan unha inversión continuada para a



dotación de máis sistemas de videoconferencia nos partidos xudiciais con maior demanda ou con novos espazos a acondicionar.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- Cantos equipos conforman a rede de videoconferencia da Administración de Xustiza en Galicia?
- Que actuacións de futuro están contempladas con relación á rede de videoconferencias?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:01:35

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 19:01:52

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 19:02:05

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 19:02:14

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:02:51

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 19:03:33

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:03:44



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

A Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia establece que corresponde ao corpo de inspectores de xogos e apostas a vixilancia do cumprimento do previsto na dita lei e nas disposicións regulamentarias así como a persecución do xogo clandestino.

Tamén corresponde, con carácter xeral, á consellería competente en materia de xogos e apostas a imposición das sancións que procedan pola comisión dos feitos tipificados na devandita norma.

Considérase que un dos obxectivos desta labor inspectora debe ser preservar os intereses prevalentes permitindo erradicar e disuadir as intervencións máis perniciosas no eido do xogo e das apostas, perseguir o xogo ilegal e fomentar as actuacións responsables que repercuten no correcto funcionamento dos establecementos e as máquinas de xogo.

Nos últimos meses detectouse unha certa alarma social respecto da implantación en Galicia de novos establecementos de xogo. Cómpre salientar que este tipo de establecementos deben estar sometidos a controis específicos e habituais por parte da inspección de xogo sen prexuízo do resto de inspeccións que corresponde efectuar tamén aos corpos e forzas de seguridade e aos propios concellos onde tales establecementos se instalan.

A Xunta de Galicia conta cun total de 10 inspectores de xogo que realizan visitas periódicas aos casinos, bingos, salóns de xogo e tendas de apostas así como a todos os locais de hostalaría onde figuren instaladas máquinas recreativas e máquinas de



apostas, aos efectos de comprobar o cumprimento efectivo de toda a normativa de aplicación nesta materia.

A normativa en materia de xogo é moi restritiva e os requisitos que deben cumprir os ditos establecementos tamén.

Tendo en conta que unha das finalidades da inspección é o coñecemento da situación de legalidade dos distintos sectores implicados, así como proceder a corrección dos correspondentes incumprimentos, os deputados e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

-Cal é o número total de inspeccións realizadas polos inspectores de xogo da Comunidade Autónoma no exercicio 2019 especificando o tipo de local ou de xogo inspeccionado?

-Cantos expedientes sancionadores foron abertos pola consellería competente nesta materia no mesmo exercicio e cal foi a recadación en materia de sancións realizada no dito exercicio económico?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 18:48:13

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 18:48:29

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 18:48:43

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 18:48:54

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 18:49:18

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 18:49:39

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 18:49:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñado, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

En desenvolvemento da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, vén de publicarse —no *Diario Oficial de Galicia* data 14 de outubro de 2019—o DECRETO 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

O novo catálogo aprobado por esta norma pretende establecer unha regulación máis práctica e moderna, na procura de adaptar as diversas tipoloxías de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público á realidade da sociedade actual, tendo en conta a experiencia acumulada desde a entrada en vigor do Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, que aconsellaba unha reformulación acorde co disposto na devandita lei.

Por outra banda, tamén constitúe o obxecto deste decreto disciplinar outros aspectos relativos á tipoloxía, ao funcionamento e ao réxime de intervención administrativa de tales espectáculos, actividades e establecementos.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes presenta a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

-Calesson as principais novidades introducidas polo DECRETO 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia?



Santiago de Compostela, 26 de agosto 2020.

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 18:40:06

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 18:40:16

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 18:40:34

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 18:40:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 18:41:20

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 18:41:31

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 18:41:40



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Rey Varela, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Co obxecto de prestar un mellor servizo público, a Xunta de Galicia estableceu distintas vías de comunicación para conectar á cidadanía e grupos de interese coa administración a través do fomento do uso de medios electrónicos.

Estas vías están a permitir ás persoas usuarias acceder á información pública, á información xeral e particular, presentar suxestión e, no seu caso remitir as queixas que redunden nun mellor funcionamento e prestación dos servizos públicos da administración autonómica.

O Decreto 129/2016, de 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia, en execución da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración supuxo a configuración dun sistema integrado de atención á cidadanía para garantir, através dun servizo multicanle, o dereito da cidadanía a recibir da Administración a información que precise.

Ampliáronse as canles de presentación ao engadir, xunto coa modalidade presencial, a electrónica e a telefónica. Así:

- A presencial: mantense a presentación física das solicitudes que poderán presentarse en calquera oficina integrada no Sistema único de rexistro da Xunta de Galicia.
- A electrónica: a través da sede electrónica, á cal se pode acceder as 24 horas dos 365 días do ano.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



- A telefónica: admítese a presentación telefónica a través do 012 tendo o mesmo tratamento que as presentadas por outras canle, favorecendo así o acceso especialmente ás persoas con discapacidade.

Neste contexto, ante a diversidade de canais de atención á cidadanía existentes e as distintas modalidades de acceso habilitadas, a Xunta de Galicia está a poñer en marcha un proceso de transformación interna no sector público autonómico co obxecto de garantir unha tramitación electrónica integral de principio a fin de todos estes procedementos de atención á cidadanía, simplificando os circuitos de tramitación, optimizando as funcións a desenvolver polos empregados públicos, e homoxeneizando a xestión da administración en canto a prazos e formas de actuación.

Polo exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

-En qué consiste este novo sistema de xestión interna que se está a implantar no sector público autonómico para a atención á cidadanía?

-Cales son as principais utilidades e melloras respecto do funcionamento do sector público autonómico?

-Qué beneficios e vantaxes suporá para a cidadanía cando se relacione coa administración a través das distintas canles habilitadas?

Santiago de Compostela, 26 de agosto 2020.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 18:28:36

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 18:28:50

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 18:29:05

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 18:29:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 18:29:59

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 18:30:15

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 18:32:36

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 18:32:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Marta Fernández-Tapias Núñez, Álvaro Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, Marisol Díaz Moureira e José Manuel Rey Varela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A Administración Autonómica segue reforzando todos os mecanismos que permitan respostas eficientes fronte ás posibles emerxencias. Durante estes últimos anos, aumentáronse esforzos co obxectivo de mellorar a prestación e seguir adaptando a seguridade ós novos tempos.

A Axencia Galega de Emerxencias multiplícase para solucionar os problemas que poden xurdir en calquera punto da nosa xeografía. Dispositivos humanos e físicos, prevención, tecnoloxía, información nas redes e, por suposto, formación.

A Academia Galega de Seguridade, situada na Estrada é un organismo autónomo, en continuo crecemento, de carácter administrativo xurde coa finalidade de desenrolar actividades formativas dirixidas á formación profesional en distintos ámbitos: policía, bombeiros, protección civil, ...

Dende a súa creación en 1992 multiplicou o gasto en formación e actividades dado que a formación é un dos piares fundamentais, pois permite mellorar habilidades para intervir nos distintos graos e de acordo coas necesidades na atención a accidentes e emerxencias.

O Partido Popular de Galicia foi o impulsor do creación desta Academia e defendeu sempre a súa potenciación, razón pola que considera necesario facer un balance do cumprimento por parte da Xunta de Galicia da súa actividade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



- Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a formación que se está desenvolvendo na Academia Galega de Seguridade (AGASP)?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:15:53

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:16:11

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 19:16:16

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 19:16:28

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:16:38

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 19:16:47

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 19:16:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

Nunha situación de alarma sanitaria como na que nos atopamos na actualidade ocasionada pola pandemia do Covid- 19 e, polo tanto de emerxencia social, sobre todo para as persoas máis vulnerables ou en risco, os poderes públicos deben estar a altura das circunstancias.

A violencia de xénero constitúe un problema social de primeira orde e dende as institucións públicas teñen a obriga de abordalo e facerlle fronte por todos os medios posibles. Trátase dunha violencia estrutural con múltiples vertentes, nas que o asasinato é so a expresións máis visible, existindo outras moitas manifestacións da violencia machista que ás veces son invisibilizadas ou nin sequera se perciben como tales.

O traballo en casos de violencia machista require dunha intervención rápida e eficaz, así como da máxima coordinación dende todas as instancias implicadas. O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado a final do ano 17 por todas as Comunidades Autónomas, naceu da necesidade de acadar acordos a partir dun consenso institucional, político e social que amose, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións e de toda a sociedade española que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.

Só se conseguen avances se hai un compromiso de todos os sectores políticos e sociais para poñer na axenda, como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres, conscientes de que se trata dunha cuestión que nos afecta como sociedade e como país, e da que depende o futuro da nosa convivencia.



A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución competencial, en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica a multitude de axentes.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que medidas especiais puxo en marcha a Xunta de Galicia durante a situación de estado de alarma para garantir a atención e protección das vítimas de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:34:39

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 19:35:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 19:35:14

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:35:27

María Elena Candia López na data 26/08/2020 19:35:39

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:35:50

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 19:35:55

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 19:36:07



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

A Xunta de Galicia promove, xunto coa Deputación Provincial de Ourense, a creación do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional na cidade de Ourense.

Este Centro, que está chamado a ser o referente da creatividade e o talento da Formación Profesional da nosa Comunidade, tanto para o seu alumnado como para o profesorado, ten como obxectivo impulsar o desenvolvemento industrial, coa mellora da capacitación e cualificación do persoal humano e a inclusión de novas tecnoloxías ao tecido produtivo que permitan incrementar a súa competitividade.

O investimento neste Centro é de 9,9 millóns de euros, dos que a Deputación de Ourense alcanzará 5 millóns e o resto serán financiados pola Xunta de Galicia a través dunha colaboración entre as Consellerías de Economía e Educación.

As obras xa están en marcha e a finais de agosto, tal e como se fixo público, estaban xa completas as tarefas de demolición previstas e estaban a rematarse as de reforzo da estrutura.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que previsións manexa a Xunta en relación á posta en marcha do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 19:25:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:25:30

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 19:25:55

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 19:26:39

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 19:27:00

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:27:17

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 19:27:31



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A pesar dos avances conseguidos nos últimos anos no relativo á igualdade entre mulleres e homes e de todos os esforzos levados a cabo polos poderes públicos para promovela, cómpre recoñecer que aínda existen diferencias. Por este motivo a Administración pública debe seguir traballando para rematar con calquera situación que supoña unha discriminación para as mulleres.

Neste escenario as diferentes administracións públicas cumpren un papel fundamental ao ter a capacidade de desenvolver políticas, tanto transversais coma específicas, que axuden a poñer fin ás situacións de desigualdade.

Unha das ditas políticas é a formación do persoal empregado público, un aspecto fundamental non só para contribuír a desenvolver actuacións en favor da igualdade nos diversos ámbitos de acción públicos senón tamén para mellorar a atención que a Administración presta ás mulleres que sofren violencia de xénero e tomar medidas que permitan previr a expresión máxima da desigualdade que é a violencia contra as mulleres.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que medidas está a adoptar a Xunta de Galicia para formar ao persoal empregado público en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero coa finalidade de ofrecer unha mellor atención ás vítimas e contribuír á súa prevención?



Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:41:14

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 19:41:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 19:41:37

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:41:50

María Elena Candia López na data 26/08/2020 19:42:03

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:42:18

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 19:42:26

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 19:42:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

As universidades integradas no Sistema Universitario de Galicia (SUG) veñen desenvolvendo unha gran labor no campo da investigación científica, conscientes da necesidade de proporcionar á sociedade ferramentas e recursos que permitan maiores cotas de benestar e crecemento económico e social.

Nesta tarefa, a Administración autonómica non é allea a un proceso necesario e imprescindible de colaboración e cooperación entre os centros de formación, coñecemento e investigación das nosas universidades.

Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria, reforzar a captación de talento, consolidar os centros de investigación universitaria son obxectivos que deben ser compartidos pola Administración autonómica, as propias universidades e a sociedade en xeral.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cales son as liñas de traballo da Xunta para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia ?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 19:40:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:40:52

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 19:41:17

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 19:41:43

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 19:42:05

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:42:21

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 19:42:35



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

O Goberno galego ven colaborando coas universidades que integran o Sistema Universitario de Galicia (SUG) dun xeito constante e continuo na mellora da calidade do ensino universitario na nosa comunidade autónoma.

Xunto a existencia do Plan Galego de Financiamento do SUG 2016-2020, que define un financiamento estable para as universidades galegas, a Xunta de Galicia está comprometida co impulso de accións e medidas que impliquen avanzar na excelencia da formación dos universitarios galegos.

Acadar o avance na excelencia académica pasa pola adopción de diferentes medidas, algunhas dirixidas directamente ás universidades e outras orientadas de xeito directo ao estudantado.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas encamiñadas a acadar a excelencia académica poden contribuír a impulsar e recompensar o esforzo do estudantado universitario?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 19:49:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:49:42

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 19:50:06

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 19:50:26

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 19:50:45

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:51:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 19:51:17



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

A Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional xunto ás Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e a de Vigo foi quen de planificar un Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020.

Este Plan viña a dar satisfacción a moitas das demandas da comunidade universitaria ao tempo que abría un novo horizonte para o futuro do Sistema ao incluír importantes cambios de estruturais para permitir a modernización e actualización dos procesos de xestión dos centros universitarios.

Un Plan que mellorou a achega económica da Administración autonómica ao SUG, outorgando así unha seguridade e estabilidade económica á comunidade universitaria que lle permitise traballar a curto e medio prazo sen incertezas financeiras.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o goberno galego sobre o grao de cumprimento do Plan de Financiamento do SUG 2016-2020 ?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020



Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 19:54:48

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 19:55:10

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 19:55:31

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 19:56:03

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 19:56:20

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:56:42

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 19:57:02



Á Mesa do Parlamento

Gabriel Alén Castro, Encarnación Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Pedro Puy Fraga, Antonio Rodríguez Miranda e María Elena Suárez Sarmiento, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos:

Na última década, o Goberno galego apostou por colocar a Galicia como a comunidade que aplica as taxas universitarias máis baixas do conxunto de España.

Para organizar o inicio do curso universitario 2020-21, cumprindo cos trámites pertinentes, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2020/21, que recolle a baixada dos prezos públicos das primeiras matrículas de Máster non habilitante (enfocados a unha especialización de coñecementos ou á investigación científica), ata equiparalos aos prezos de grao universitario; así como a conxelación por décimo ano consecutivo das taxas de grao; e, por terceiro ano, de máster habilitante (necesarios para exercer unha profesión).

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que beneficios reporta ao estudiantado galego a rebaixa do prezo das matrículas universitarias no curso 2020/2021?



Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 20:01:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 20:02:04

Martín Fernández Prado na data 26/08/2020 20:02:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 20:02:44

Pedro Puy Fraga na data 26/08/2020 20:03:10

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 20:03:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 20:03:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A pandemia da COVID-19 trouxo consigo unha recesión económica a nivel mundial. O prolongado confinamento durante a vixencia do Estado de Alarma tivo un impacto económico moi agudo especialmente para o sector do pequeno comercio e para os autónomos, que se viron obrigados a cesar moitas das súas actividades durante meses.

O Goberno galego xestionou cunha notable anticipación a situación de emerxencia sanitaria en diversos eidos, o que permitiu poder concentrar parte dos esforzos desde as fases máis agudas da pandemia na resposta económica que se daría nos meses seguintes desde os sectores máis afectados.

A administración autonómica leva meses traballando co principal obxectivo de garantir a saúde dos galegos e galegas, pero tamén no desenvolvemento das medidas de apoio necesarias para que o tecido empresarial poida facer fronte o mellor posible á situación actual.

Deste xeito, puxéronse en marcha liñas de actuación en ámbitos diversos coma a transformación dixital e a liquidez das empresas, así coma a dotación de fondos para o financiamento para proxectos de investimento levados a cabo polas empresas galegas que permitan a fabricación de produtos relacionados coa pandemia.

Desde o Grupo Popular somos conscientes de que durante a última crise económica os autónomos foran un dos colectivos máis castigados e os esquecidos pola meirande parte das administracións. Malia isto, o emprendemento e a capacidade de esforzo da cidadanía galega foron elementos clave nos anos de recuperación e crecemento



vividos durante o último lustro e de seguro que o volverán ser na saída da recesión que vivimos na actualidade.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión

Que medidas concretas adoptou a Xunta de Galicia para axudar ao sector do comercio e aos autónomos a superar a crise derivada da pandemia da COVID-19?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 20:08:20

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 20:08:39

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 20:08:51

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 20:09:07

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 20:09:16

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 20:09:25

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 20:09:36

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 20:09:47



Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Gabriel Alén Castro, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A pandemia da COVID-19 trouxo consigo un impacto de primeira magnitude na economía mundial, derivado dos meses de confinamento e das incertezas que se estenden aínda no panorama nacional e internacional.

A anticipación coa que Goberno galego xestionou a situación de emerxencia sanitaria en diversos eidos levou a que se aprobasen de inmediato proxectos innovadores para facer fronte á pandemia, tamén desde a nosa Comunidade.

Nestes meses, a administración autonómica traballou co principal obxectivo de garantir a saúde dos galegos e galegas, ao tempo que se desenvolven os apoios precisos para que o tecido empresarial poida facer fronte o mellor posible á situación actual.

Deste xeito, puxéronse en marcha liñas de actuación en ámbitos diversos coma a transformación dixital e a liquidez das empresas, así coma a dotación de fondos para o financiamento para proxectos de investimento levados a cabo polas empresas galegas que permitan impulsar a fabricación tanto de material de seguridade como de solucións innovadoras que axuden na loita contra a COVID-19.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que iniciativas puxo en marcha a Xunta de Galicia para impulsar proxectos empresariais innovadores ligados á achega de solucións contra a COVID-19 e fabricación de medios de protección e control?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 20:02:59

Marta Nóvoa Iglesias na data 26/08/2020 20:03:19

Cristina Sanz Arias na data 26/08/2020 20:03:34

Gabriel Alén Castro na data 26/08/2020 20:03:50

José Antonio Armada Pérez na data 26/08/2020 20:04:02

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 20:04:14

Ovidio Rodeiro Tato na data 26/08/2020 20:04:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 26/08/2020 20:04:37



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión

No período 2016 - 2019 a Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administración públicas e Xustiza xestionou, a través da Dirección Xeral de Administración Local a liña de subvencións en concorrencia non competitiva, destinadas as asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Este importante motor da participación veciñal merece un recoñecemento, as asociacións de veciños, asociacións de mulleres rurais e as comunidades de usuarios, son un baluarte da cultura democrática e participativa, representan uns dos máis importantes instrumentos de participación cos que conta a Administración Local, por estas razón o Goberno Galego colabora na dinamización e impulso do asociacionismo coma eixe fundamental do dereito de participación, recoñecido polo artigo 23 da Constitución, e como colaboradores necesarios da Administración Local no exercicio das súas competencias.

No DOG núm. 247, do 30 de decembro de 2019, publicouse a Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2020, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia. Nesta regulación obsérvanse cambios significativos e melloras en relación as bases que rexeron esta convocatoria nos anos anteriores.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



- Que balance fai a Xunta de Galicia sobre as axudas do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia entre os anos 2016 e 2019?
- Que melloras se introduciron a través da nova formulación das ditas axudas en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2020?

Santiago de Compostela, 26 agosto de 2020.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 20:09:14

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 20:09:27

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 20:09:43

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 20:09:58

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:10:07

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 20:10:15

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 20:10:25



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

No DOG núm. 11, do venres 17 de xaneiro de 2020, publicouse a Orde do 19 de decembro de 2019, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020, de forma individual e mediante os sistema de xestión compartida, destinadas as entidades locais de Galicia.

Esta orde reguladora do Fondo de Compensación Ambiental, conforme enuncia na súa na súa exposición de motivos, reformula o catálogo de proxectos subvencionables ao abeiro das dúas liñas de subvención que regula, competitiva e non competitiva.

No artigo 4.4 da norma incorpórase un catálogo de proxectos novidoso, en relación ás anteriores convocatorias orientado ao fin sinalado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia, e ao cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión europea.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

- Cal é a intención da Xunta de Galicia sobre a ampliación e redefinición de proxectos para fomentar a eficiencia enerxética e a sustentabilidade ambiental



das entidades locais, con especial incidencia nas medidas adoptadas a través da reforma de dependencias municipais, na nova orde pola que se regularán os criterios de repartición e se establecerán as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2020?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 20:03:27

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 20:03:42

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 20:03:55

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 20:04:05

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:04:16

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 20:04:28

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 20:04:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñado, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

En 2015 as Nacións Unidas aprobaron a denominada Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible que leva implícitos uns retos, os denominados Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), un conxunto de metas que ata o ano 2030 deberán guiar á comunidade internacional no seu propósito de promover o desenvolvemento a escala global. Trátase dun esforzo sen precedentes que convoca a unha ampla diversidade de actores, entre os que se atopan tamén e moi especialmente os gobernos descentralizados.

O elevado número departamentos e áreas de traballo ás que implican os ODS, xunto coa multidimensionalidade coa que deben ser abordados, esixe a posta en marcha de mecanismos institucionais que promovan a transversalidade e a coherencia de políticas na Xunta de Galicia.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 recolle como liña de actuación reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega. De tal xeito a Administración pública galega, a nivel autonómico e local, deberá desenvolver procesos específicos para localizar e integrar a Axenda 2030 e os ODS no conxunto das súas políticas públicas, adaptándoas ás oportunidades e posibilidades de contribución activa ao seu cumprimento, con base nas súas fortalezas, experiencia, capacidades e recursos.

Do mesmo xeito o IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 recolle como produto a acadar no vindeiros catro anos, contar cun mandato unánime do Parlamento de Galicia que se plasme nunha declaración institucional en favor da Axenda 2030 das Nacións Unidas e dos ODS, e en apoio da política pública de cooperación en todos os niveis da Administración pública galega.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Que pasos está a dar a Xunta para promover os procesos para que a visión da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible se transversalicen no conxunto das políticas públicas da administración autonómica nun marco de coherencia de políticas de desenvolvemento sostible?.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020.



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:57:55

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:58:08

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 19:58:23

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 19:58:32

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 19:58:44

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 19:59:07

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:59:30



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

A Unidade de Policía Adscrita (UPA) vén desempeñando en Galicia importantes funcións, e desenvolvendo unha colaboración intensa e eficaz nos ámbitos de actuación que, de acordo coas previsións legais, lle son asignadas, de acordo coas necesidades e demandas que as distintas Consellerías da Xunta de Galicia lle requiren. Ademais das súas relevantes funcións, entre outras, na investigación dos lumes forestais; na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal; na protección da familia e dos menores; ou na protección das vítimas de violencia contra a muller; a dita unidade policial é o mellor garante na protección do medio natural e do patrimonio cultural de Galicia.

Debe lembrarse tamén que todas as Forzas e Corpos de Seguridade teñen como misión a protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades dos cidadáns, garantindo a súa seguridade, e todo iso dentro dun marco de estreita cooperación e colaboración entre todas as administracións, para o que deberán prestar a asistencia mutua necesaria para un eficaz exercicio das respectivas competencias.

Na actualidade, a acción de impulso do Camiño de Santiago a través do seu Plan Director e Estratéxico, co horizonte inmediato do Xacobeo 2021, exige un reforzo importante da coordinación dos corpos de seguridade estatais, autonómicos e locais, co fin de garantir a liberdade e seguridade de todas as persoas que concorren nos itinerarios do camiño, ao seu paso por Galicia, en colaboración con outros corpos policiais, e mantendo á vez unha actividade de control nos outros ámbitos como a de protección do patrimonio, urbanismo, medio ambiente, incendios, etc

Por esta razón, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para súa resposta en **Comisión**:



- Como vai articular o Goberno da Xunta de Galicia a coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, co horizonte posto no Xacobeo 2021?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:50:39

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 19:50:55

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 19:51:17

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 19:51:37

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:51:48

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:51:59

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 19:52:12



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Marta Fernández-Tapias Nuñez, Alberto Pazos Couñago, Álvaro Pérez López e Antonio Rodríguez Miranda ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Os camiños a Santiago de Compostela son un sinal de identidade de Galicia, ademais de ser un símbolo relixioso, de solidariedade e de europeísmo, por iso a Xunta de Galicia ten unha serie de programas e actividades encamiñadas á súa atención e desenvolvemento sostible.

Entre eles destaca a atención dos camiños e peregrinos por parte dos voluntarios de protección civil. As Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, sitas nos camiños a Santiago, adícanse dende hai anos á atencións aos peregrinos, albergues, concentración de persoas, etc.

Foi no ano 2016 cando se asinou un convenio de colaboración coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Camiño Francés, a través do cal se lle asignaba unha axuda económica para os gastos de funcionamento e atención aos peregrinos. O convenio volveuse a asinar no 2018 e neste ano 2019 ampliouse ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil do Camiño Portugués.

Estas actividades de atención levadas a cabo por las Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil deron bos resultados, e así o poñen de manifesto tanto os peregrinos coma as entidades locais ás que pertencen as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

Ademais, tense demostrado que as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil xogan un papel fundamental na consolidación dunha imaxe segura dos camiños de Santiago. Polo tanto, é importante continuar traballando e ampliar os convenios aos demais camiños.



Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Vai a continuar o Goberno galego apoiando dalgún xeito esta labor de atención aos peregrinos das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 19:45:37

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 19:45:54

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 19:46:17

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 19:46:27

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 19:46:37

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 19:46:46

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 19:46:56



Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, María Corina Porro Martínez, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

O pasado 10 de decembro de 2019 o Goberno galego con UGT, CC.OO. e a Confederación de Empresarios de Galicia o novo acordo no marco do Diálogo Social, que naceu coa vontade de acadar unha Galicia máis forte no económico e no social, pero, sobre todo, máis igualitaria e máis sustentable.

Este foi o cuarto acordo desde a chegada do presidente Alberto Núñez Feijóo ao Goberno galego asinado cos axentes sociais e económicos. No texto recóllense medidas para reducir a brecha fenda salarial e medidas para concretar os contidos mínimos da formación en igualdade, así como tamén para revisar os protocolos de recoñecemento da igualdade nas empresas, co obxectivo de cada paso que se dea neste eido sexa o máis homoxéneo posible e se faga prestando especial atención ao emprego feminino e xuvenil.

Segundo se explicou no acto da súa sinatura este acordo tamén reflicte unidade para unha maior responsabilidade social, a través da renovación do compromiso de definir de forma coordinada cales deben ser as cláusulas sociais na contratación pública, dado que esta é unha ferramenta útil para unha maior cohesión social de Galicia.

Por outra banda, o documento tamén ofrecía unha vontade inequívoca de modernizar as relacións laborais, coa posta en marcha dun novo procedemento para a solución fóra do ámbito xudicial de conflitos laborais individuais.

Este acordo tamén expresaba a necesidade de continuar na senda dos últimos anos de acadar máis emprego e de mellor calidade e de afondar na modernización do tecido produtivo galego. Deste modo, a cooperación entre os axentes sociais incluía tamén un



plan para a recualificación profesional dos parados de longa duración maiores de 45 anos, un Programa de axudas ás empresas para a contratación de relevistas, así como a posta en marcha de axudas para favorecer o mantemento dos empregos ante flutuacións económicas.

Malia que a situación derivada da pandemia da COVID-19 cambiase radicalmente o panorama económico galego, desde o Grupo Popular queremos reivindicar a necesidade de seguir perseverando no diálogo social como vía para unha saída sólida da recesión económica á que debemos facer fronte.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cales son as previsións nos próximos meses para concretar as medidas derivadas do acordo asinado pola Xunta de Galicia en decembro de 2019 con empresarios e sindicatos no marco do diálogo social?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 20:19:20

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 20:19:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 20:19:44

María Elena Candia López na data 26/08/2020 20:19:57

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:20:19

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 20:20:26

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 20:20:36



Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, María Corina Porro Martínez, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

Os Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) son unha peza fundamental da reforma laboral que acometeu o Goberno Central do Partido Popular no ano 2012, que serviu para acelerar a saída de España da última crise económica. Do mesmo xeito, reveláronse como unha ferramenta imprescindible no proceso de peche da economía derivado de pandemia, e tamén na reactivación da mesma.

No ano 2019 a Xunta de Galicia e os interlocutores sociais acordaron iniciar un proceso tripartito de concertación social orientado á consecución de acordos nos eidos de mellora da calidade do emprego e das relacións laborais, do progreso económico e da cohesión social. Un destes acordos é o relativo a un programa que favoreza o mantemento do emprego ante as flutuacións económicas.

Dado o impacto que teñen os expedientes de regulación de emprego sobre o mercado laboral, a través do citado acordo, a Xunta de Galicia e os interlocutores sociais integrantes do diálogo social acordaron un programa que se desenvolverá tendo en conta distintas liñas de actuación, entre elas o apoio ás empresas e ao seu persoal naqueles períodos en que a actividade da empresa se reduza. Así mesmo, pactaron aprobar unhas bases reguladoras destas axudas, cun orzamento por parte da Xunta de Galicia de 6 millóns de euros distribuídos nos anos 2020 e 2021.

Tendo en conta as novas circunstancias e o novo contexto derivado da pandemia da COVID-19 e a situación de parálise económica que se deu durante meses, desde o Goberno galego entendeuse que cumpría axustar a orde deseñada no diálogo social ás novas demandas.



Nos momentos máis duros da emerxencia sanitaria, a nosa Comunidade tivo máis de 200.000 traballadores en situación de ERTE. Ante esta realidade, e coa incapacidade do Goberno Central de facer efectivo o pagamento das prestacións que se estendeu durante meses, o Goberno galego viuse obrigado a levar a cabo iniciativas pioneiras como o aval de ata 1.500 euros de anticipo aos traballadores cun ERTE autorizado que non cobraran as prestacións no seu momento.

Este compromiso pola colaboración entre administracións non esta tendo a mesma resposta desde a Administración central, xa que non está a dar a Galicia a información exacta sobre o número de Ertes que existen actualmente na nosa Comunidade. Esta información sería de gran valía para dar unha mellor resposta a nivel laboral ás persoas traballadoras afectadas polo actual contexto socioeconómico marcado pola COVID-19.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que medidas concretas adoptou a Xunta de Galicia para axudar aos traballadores afectados por un ERTE?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 20:15:32

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 20:16:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 20:16:25

María Elena Candia López na data 26/08/2020 20:16:39

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:16:54

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 20:17:03

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 20:17:15



Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, María Corina Porro Martínez, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A pandemia da COVID-19 obrigou a redeseñar todas as medidas de seguridade nos ámbitos máis diversos e nas actividades económicas e sociais.

Desde o Grupo Popular somos conscientes de que o Goberno galego, durante as fases máis agudas da emerxencia sanitaria e o confinamento, traballou arreo na reactivación da economía para que esta se producise na situación de maior seguridade posible en todos os sectores.

Neste sentido, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), no exercicio da súa función de información e divulgación en materia de prevención de riscos laborais, ten elaborado nestes meses diversos documentos nos que se recollen recomendacións preventivas básicas que se deben ter en conta nos centros de traballo segundo as informacións das autoridades sanitarias sobre a COVID-19.

Todo isto, segundo explica o propio ISSGA, sen prexuízo da necesidade de medidas específicas que se deban adoptar en función das características concretas da actividade e que corresponden á organización preventiva da empresa (servizo de prevención, traballadores designados ou asunción polo empresario), sempre seguindo as pautas das autoridades sanitarias en cada momento.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que iniciativas ten desenvolvido o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para prever os riscos laborais derivados da pandemia da COVID-19?



Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 20:11:15

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 20:11:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 20:11:43

María Elena Candia López na data 26/08/2020 20:12:00

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:12:13

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 20:12:19

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 20:12:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarnación Amigo Díaz, Elena Candia López, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Elena Suárez Sarmiento deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

Nunha situación de alarma sanitaria como na que nos atopamos na actualidade ocasionada pola pandemia do Covid- 19 e, polo tanto de emerxencia social, sobre todo para as persoas máis vulnerables ou en risco, os poderes públicos deben estar a altura das circunstancias.

A violencia de xénero constitúe un problema social de primeira orde e dende as institucións públicas teñen a obriga de abordalo e facerlle fronte por todos os medios posibles. Trátase dunha violencia estrutural con múltiples vertentes, nas que o asasinato é so a expresións máis visible, existindo outras moitas manifestacións da violencia machista que ás veces son invisibilizadas ou nin sequera se perciben como tales.

O traballo en casos de violencia machista require dunha intervención rápida e eficaz, así como da máxima coordinación dende todas as instancias implicadas. O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado a final do ano 17 por todas as Comunidades Autónomas, naceu da necesidade de acadar acordos a partir dun consenso institucional, político e social que amose, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións e de toda a sociedade española que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.

Só se conseguen avances se hai un compromiso de todos os sectores políticos e sociais para poñer na axenda, como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres, conscientes de que se trata dunha cuestión que nos afecta como sociedade e como país, e da que depende o futuro da nosa convivencia.



A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación, sempre desde o respecto ao réxime de distribución competencial, en todas as accións que se desenvolvan, posto que o traballo que se realiza para conseguir a súa erradicación implica a multitude de axentes.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que medidas especiais puxo en marcha a Xunta de Galicia durante a situación de estado de alarma para garantir a atención e protección das vítimas de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 20:42:10

María Corina Porro Martínez na data 26/08/2020 20:42:23

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/08/2020 20:42:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/08/2020 20:42:48

María Elena Candia López na data 26/08/2020 20:43:04

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:43:22

Noelia Pérez López na data 26/08/2020 20:43:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 26/08/2020 20:43:40



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Marta Fernández-Tapias Núñez, Álvaro Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, Marisol Díaz Mouteira e José Manuel Rey Varela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

Un dos efectos da proclamación do estado de alarma en España polo Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo e a proclamación do estado de emerxencia en Portugal, polo Decreto do Presidente da República 14 A/2020 do 18 de marzo foi o peche das fronteiras entre España e Portugal, deixando, no caso da nosa Eurorrexión, só dous pasos abertos (en Verín Chaves e en Tui Valença), habilitados exclusivamente para os transportes de mercadorías e os traballadores transfronteirizos que continuaron a traballar.

Isto ocasionou, dunha banda, que moitos dos traballadores que tiñan que cruzar a fronteira se visen forzados a dar rodeos que nalgún caso chegaron aos cen quilómetros. A urxencia da crise sanitaria non permitiu a consideración das áreas de fronteira, que sofren xa a existencia duns custes de contexto, que dificultan aínda mais a vida nestes territorios.

Non obstante, na actualidade, cómpre tomar conciencia da situación e adoptar medidas que fomenten a reactivación da economía da fronteira e a cooperación transfronteiriza entre Galicia e o Norte de Portugal que tan bos resultados ten acadado.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para impulsar a reactivación da cooperación de proximidade na fronteira con Portugal?



Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 20:55:02

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:55:16

Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 20:55:49

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 20:55:59

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 20:56:08

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 20:56:18

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 20:56:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Marta Fernández-Tapias Núñez, Álvaro Pérez López, Antonio Rodríguez Miranda, Marisol Díaz Mouteira e José Manuel Rey Varela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta Oral en **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de motivos.

A crise sanitaria xerada pola COVID-19 impactou en todos os ámbitos, entre eles no eido da Administración de xustiza, no que supuxo unha importante repercusión a redución xeneralizada da actividade xudicial non esencial durante o estado de alarma. As súas consecuencias non só atinxen á necesidade de recuperar o traballo correspondente ás actuacións xudiciais suspendidas durante o dito período, senón que tamén implicarán no curto prazo un incremento da litixiosidade derivada da paralización de determinados sectores industriais e empresariais (despidos no ámbito laboral, impugnacións xudiciais de expedientes de regulación de emprego, concursos de acredores, reclamacións no eido do consumo, etc.), que incidirán especialmente na sobrecarga das xurisdicións laboral, mercantil e contencioso-administrativa, entre outras.

Para afrontar estes efectos, o Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, anunciaba a aprobación polo Goberno da Nación dun Plan de actuación para axilizar a actividade xudicial dos órganos das xurisdicións social, contencioso-administrativa e xulgados mercantís, o cal foi finalmente aprobado polo Consello de Ministros o pasado 7 de xullo.

O dito Plan determina as medidas que cómpre adoptar nos distintos xulgados que así identifica en todo o Estado, as cales implican importantes custos para as administracións prestacionais dos medios materiais e persoais ao servizo da Administración de xustiza, ao definir actuacións que van desde a dotación de retribucións extraordinarias ao persoal dos órganos xudiciais para a súa participación en programas de actuación por obxectivos, como a dotación de persoal de reforzo externo naqueles xulgados que xa concentraban un volume de traballo moi elevado, e mesmo a creación de novos xulgados.



Afrontar as medidas contidas no plan deseñado polo Goberno da Nación para toda a Administración de xustiza, require dun importante esforzo de atención e de planificación orzamentaria por parte das Administracións Autonómicas ás que lles corresponde o 90% do custo na súa dotación (locais, mobiliario, funcionarios, etc.).

Concretamente respecto da primeira fase do Plan, cuxo desenvolvemento está previsto no período setembro-décembro 2020 e que se concentra nos xulgados do social e mercantís, o pasado 23 de xullo dábase conta no Consello da Xunta das medidas e do custo que en materia de persoal suporá a súa posta en marcha no territorio para a Administración Autonómica da Xunta de Galicia, incluídos os tres novos xulgados do social que o Ministerio contempla crear ao abeiro do dito plan.

Boa parte das medidas previstas polo Goberno da Nación para a recuperación no ámbito da Administración de xustiza, implican para a Comunidade Autónoma – provedora dos medios económicos, materiais e persoais ao servizo da Administración de xustiza-, a execución dunha serie de actuacións que superan amplamente e de maneira sobrepada os servizos predefinidos aos que se circunscibía o sistema de financiamento tras o traspaso dos ditos medios (Reais decretos 2166/1994 e 2397/1996), polo que requiren da ineludible achega económica por parte do Estado a tal fin.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Ten concretado o Ministerio de Xustiza á Xunta de Galicia os criterios e recursos que transferirá ás Comunidades Autónomas para facer fronte ás medidas de recuperación previstas no ámbito da Administración de xustiza?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 26/08/2020 20:47:48

José Alberto Pazos Couñago na data 26/08/2020 20:48:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Marta María Fernández-Tapias Núñez na data 26/08/2020 20:48:12

Álvaro Pérez López na data 26/08/2020 20:48:22

Antonio Rodríguez Miranda na data 26/08/2020 20:48:31

María Sol Díaz Mouteira na data 26/08/2020 20:48:41

José Manuel Rey Varela na data 26/08/2020 20:48:51



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Durante o período de suspensión da actividade lectiva nos centros como consecuencia da pandemia xerada pola Covid-19 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou a Orde do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia da Covid-19.

Esta orde ditouse para axudar ás familias que, atopándose en situación vulnerable por motivos de renda ou de exclusión social, tiñan que asumir o custo daqueles menús diarios dos seus fillos e fillas que en período lectivo correría pola conta da Administración educativa.

O importe das axudas quedou establecido en 2,50 € para os alumnos e alumnas beneficiarios da gratuidade total e 1,50 € para o alumnado que satisfai 1€ diario pola comida, logo das estimacións do custo das materias primas empregadas na elaboración dos menús escolares.

Segundo estimacións oficiais da propia Xunta de Galicia publicadas na súa páxina *web* o 30 de marzo, preto de 45.000 (en realidade 44.293) alumnos e alumnas se poderían beneficiar desta medida e, deles, 40.480 como usuarios con comedor gratuíto e 3.813 semigratuíto que pagan 1 euro.

Durante a comparecencia da Sra. conselleira na Deputación Permanente celebrada o día 22 de abril de 2020, afirmou que foron 30.159 os alumnos e alumnas beneficiados, o que supón un 68 % do alumnado potencial ou, dito doutro xeito, un 32 % do alumnado potencialmente beneficiario ao final non ten axudas ou, o que é o mesmo, 14.134 alumnos pertencentes a familias en situación vulnerable non estaban a recibir axuda naqueles momentos.

O certo é que a xestión destas axudas foi moi complexa ao carecer a Administración da información necesaria para facer máis áxil o procedemento e ter que recorrer ás direccións dos centros educativos para obtela; ademais, debe



engadirse a dificultade de moitas familias para facer o procedemento de xeito telemático empregando a sede electrónica da Xunta de Galicia.

En resumo, atopámonos ante unha acción pertinente pero que debe ser mellorada en múltiples aspectos.

Por iso o deputado que asina pregunta:

1ª) A entidade das axudas podería ter sido incrementada considerando que hai elementos do custo diario dos menús que non están a ser aboados?

2ª) Cal foi o número total de alumnos e polo tanto familias, que se beneficiaron das axudas convocadas pola Orde citada?

3ª) A que atribúe a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o feito que as familias dun 32% do alumnado non tiveran solicitadas axudas no mes de abril?

4ª) Considera que a medida e a súa implementación foi eficaz?

5ª) Considera necesario deseñar un procedemento que permita actuar de forma máis eficiente ante posibles repeticións de situacións como a prevista na Orde?

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/08/2020 13:09:13



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a.

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27 da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31 do noso Estatuto de autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta débese engadir o feito de que o peche dos centros educativos xera brechas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia, brechas que son máis fondas canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.

Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura para manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos sobre a posible evolución da pandemia da Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que se adaptar dependendo das circunstancias sanitarias que se podan dar e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o



desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido político de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se podan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o Goberno da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, as ANPA e os concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

-Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da consellaría, que descarga toda a responsabilidade -tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.

-Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos laméntase que non exista ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.

-Por último, desde os concellos e a Fegamp trasladouse a imposibilidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas



por parte dalgúns servizos de intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, para o Grupo Socialista resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, polo que o deputado que asina formula as seguintes preguntas:

1.^a) Considera que o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros?

2.^a) Que problemas ten detectado a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na implementación dese protocolo no inicio de curso?

Pazo do Parlamento, 12 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/08/2020 13:09:59



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4^a.

O confinamento por coronavirus e o peche dos centros educativos a partir de marzo de 2020 puxo a proba a capacidade de resposta do noso sistema educativo ante unha situación inédita. Tratouse dunha situación excepcional e mundial que afectou a máis de 1.370 millóns de alumnos segundo a Unesco e a preto de 230.000 en Galicia.

Ese novo contexto puxo de manifesto, entre outras necesidades, que debemos activar todos os recursos ao noso alcance para ser quen de manter a continuidade do proceso educativo a distancia e atender a toda a poboación escolar ante potenciais episodios nos que se repita a suspensión da actividade lectiva, xa que se puxo en evidencia a auténtica magnitude da brecha dixital existente entre o alumnado.

Dos datos publicados na *Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los hogares 2019* realizada polo INE, dedúcese de xeito inmediato a existencia de dous factores que determinan a existencia e amplitude da fenda á que nos estamos a referir: a renda familiar e o lugar de residencia.

1º) A necesaria dispoñibilidade dalgún tipo de equipamento (ordenador ou *tablet*), así como unha conexión a internet que permita un seguimento aceptable das actividades propostas ao alumnado, resulta imposible na metade dos fogares con ingresos netos mensuais inferiores a 900 € e, dentro dos que dispoñen de equipamento informático, a cuarta parte carecen dunha conexión axeitada.

2º) Menos impacto dende o punto de vista cuantitativo, pero grave para o alumnado que poida estar nesas circunstancias pola limitación que supón, é a inexistencia dunha conexión axeitada na quinta parte do fogares que, dispoñendo de conexión a internet, se sitúan en contornos de menos de dez mil habitantes.

O certo, con independencia dos datos que se consideren, é que a situación vivida no último trimestre do curso 2020/2021 puxo de manifesto a necesidade de pensar as necesidades de dixitalización que seguen sen cubrirse (% de centros sen



plataformas en liña, % de alumnos sen ordenador, impresora ou conexión axeitada a internet, % alumnos cos que resulta complexo comunicarse, etc). No escenario post-crise e con posibilidades de que se repitan confinamentos de distinta amplitude e/ou periodicidade, este censo permitirá actuar de xeito moito máis eficiente.

Por iso, o deputado que asina formula as seguintes preguntas:

1ª) Realizou ou está a realizar a Consellería de Educación, Universidade de Formación Profesional algún estudo que permita coñecer o grao de acceso do alumnado ás distintas alternativas que poden resultar necesarias para continuar co seu proceso educativo no caso de suspensión das actividades lectivas presenciais?

2ª) De ser así, que instrumentos e indicadores esta a empregar a Consellería de Educación, Universidade de Formación Profesional nese estudo? Que resultados evidencian eses estudos? Que valoración fai da situación que se teña detectado?

3ª) Se non o está a facer, porque motivos se tomou esa decisión?

4ª) Considera necesario coñecer, en cada curso, a realidade do alumnado en canto á dispoñibilidade de recursos axeitados para o seguimento de formación a distancia?

Pazo do Parlamento, 14 de agosto de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/08/2020 13:10:37



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión** 4.^a, **Educación e Cultura**.

A aparición da pandemia do Covid19, fai que nos atopemos ante unha situación excepcional, e nunca antes vivida, que puxo de relevo as enormes dificultades de tódolos nosos sistemas, e especialmente o educativo.

Dende o peche dos colexios, como medida preventiva ante a pandemia, enfrontámonos a un escenario de incerteza no que lle corresponde ao goberno autonómico da Xunta de Galicia dar respostas á comunidade educativa.

A educación é un dereito que debemos protexer sempre, e especialmente nas circunstancias máis duras. En situacións de emerxencia, a educación ofrece protección e reduce as repercusións psicosociais dunha crise ao ofrecer un sentimento de normalidade, estabilidade, estrutura e esperanza, proporcionando ademais elementos esenciais para a estabilidade económica no futuro.

A Xunta de Galicia, como órgano con plenas competencias en materia educativa, debe garantir o dereito fundamental a unha educación pública de calidade, e impedir que como consecuencia desta circunstancia se faga maior aínda a brecha na desigualdade da educación por motivos por exemplo territoriais, se residen os alumnos no rural ou nas cidades.

Campolameiro é un municipio de Pontevedra, formado por 6 parroquias, cunha poboación de 1.806 habitantes e que conta cun colexio de educación infantil e primaria, o CEIP Pedro Antonio Cerviño, que atende neste momento un total de 63 alumnos.

A Xunta de Galicia ven reducindo nos últimos anos de forma progresiva o seu cadro de profesorado, estando formado neste momento por 9 profesores (algúns compartidos co CEIP de Moraña), mostrando desde a Consellería a intención de reducir o persoal a 7 mestres este próximo curso, o que conleva ter que xuntar diferentes cursos nas mesmas aulas, co que a organización do centro quedaría so seguinte xeito: 2 clases de educación infantil, 1 clase de 1º e 2º, 1 clase de 3º e 4º e 1 clase de 5º e 6º na educación primaria.



Esta medida ademais de producir un grave prexuízo á calidade educativa e pedagóxica do CEIP, supón unha contradición cos parámetros educativos establecidos para a “nova normalidade”, ao dificultar a distancia social.

A Xunta de Galicia ten a obriga de facer un esforzo para ofertar aos nenos e nenas do rural a mellor educación posible, dende a igualdade de oportunidades, apostando e apoiando ás familias que decidiron vivir no rural, conseguindo así enraizar á poboación sen que se vexan obrigadas en ningún momento a renunciar a unha educación pública de calidade.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Pretende a Xunta de Galicia aumentar o profesorado nos núcleos urbanos á costa de reducir os cadros de profesores no rural?
- 2.ª) Cre que a agrupación de diferentes cursos nun mesmo aula afecta á calidade do ensino?
- 3.ª) Non cre que medida como agrupar varios cursos nunha aula contradí os protocolos sanitarios, dificulta as medidas de distanciamento social, o pode poñer en risco aos menores?
- 4.ª) Van reducir o cadro de profesores no CEIP Pedro Antonio Cerviño?

Pazo do Parlamento, 17 de agosto de 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 17/08/2020 14:25:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/08/2020 14:26:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa as medidas a tomar diante da evolución da COVID-19 en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos da evolución da COVID-19 en Galiza non fan máis que aumentar a preocupación. A expansión de novos gromos indica que o virus está a tomar a dianteira.

Aumentan os gromos, os positivos, as persoas hospitalizadas, os contactos dos positivos que teñen que illarse, confinarse nos seus domicilios. Infelizmente de novo hai persoas falecidas.

De seguir esta progresión todo indica que en pouco tempo estaremos en termos similares aos da fase máis crítica.

Existe polo tanto preocupación pola evolución en todo o país, mais especialmente na Área metropolitana da Coruña, onde o número de contaxios é preocupantemente ascendente.

Hai expertos que teñen advertido que os contaxios nesta Área están empezando a descontrolarse e seguen unha progresión xeométrica, cun ritmo de contaxios similar ao de marzo e abril.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Precisamente na Coruña púxose en marcha no mes de abril un proxecto de investigación entre a empresa de depuración de augas da Coruña EdarBens S.A, e a Universidade da Coruña. O proxecto consiste en crear un modelo para realizar a análise da carga viral presente nas augas residuais que recolle a depuradora de Bens, que permite vixiar a epidemia e controlar posíbeis brotes.

